II.1.3 Seguimento da titulación: Administración e Dirección de Empresas

Criterio 1. Organización e Desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado dacordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias destacables, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A demanda do título é elevada e presenta un alto grao de empregabilidade, o que xustifica a súa existencia e sustentabilidade. O título mantén un alto interese académico e os seus contidos están actualizados de acordo coas aportacións máis recentes da análise económica, as necesidades sociais, e institucionais e os requisitos da profesión. Os indicadores de seguimento e acreditación ofreceron resultados favorables.

Segundo datos da ACSUG, para titulados no curso 2013-14, con datos desagregados por titulación e universidade, o 87,5% traballa actualmente; o 82,14% buscou emprego relacionado coa súa titulación, e destes, o 87% atopouno, tardando unha media de 8 meses en atopar un emprego relacionado coa titulación. É destacable que o 92% cursaría de novo a titulación na mesma universidade.

1.1. Demanda e oferta

A maior parte do alumnado de novo ingreso no Grao de ADE, o 81,28% procede do bacharelato. No caso do PCEO ADE-Dereito procede do bacharelato LOMCE e ABAU a case totalidade dos novos/as estudantes, o 95,12%.

GADE	Meta	2022-23	2021-22	2020-21
Nota media de acceso	5,80	8,55	8,56	7,70
Nota mínima acceso	5,00	5,00	5,00	5,00
Ocupación (%)	100,00	101,50	112,50	105,00
Preferencia (%)	97,00	98,00	102,00	85,8
Adecuación(%)	77,00	78,33	64,89	70,50

PCEO	Meta	2022-23	2021-22	2020-21
Nota media de acceso	5,80	12,02	12,05	11,87
Nota mínima de acceso	5,00	11,06	11,40	10,60
Ocupación (%)	100,00	105,00	107,55	127,50
Preferencia (%)	97,00	167,50	230,00%	220,00
Adecuación (%)	≥ 77,00	78,57	93,02	92,20

Os indicadores de matrícula relacionados co acceso de novos/as estudantes ao título (notas de acceso, ocupación, preferencia, adecuación, etc.) amosan resultados acordos cos obxectivos establecidos para a titulación. A taxa de ocupación superou o 100%, o cal xustifica seguir ofertando 200 prazas de novo ingreso. A nota media de acceso, é de 8,6 sobre 10 (12 no caso do PCEO), polo que pode afirmarse que a meta acádase con folgura. As taxas de preferencia e adecuación superan as metas establecidas. No caso da taxa de adecuación en GADE, revértese a tendencia descendente de cursos anteriores (e supérase a meta por primeira vez nos últimos tres cursos). No caso do PCEO supéranse amplamente as metas establecidas para todos os indicadores.

1.2. Grao de satisfacción

En relación aos resultados de satisfacción dos distintos grupos de interese respecto da planificación e o desenvolvemento do programa formativo, analízanse os valores obtidos nas diversas enquisas de satisfacción que realiza a Universidade de Vigo.

En primeiro lugar, analízase a satisfacción do alumnado. A participación do alumnado de ADE nas enquisas de satisfacción foi moi baixa, dun 4% (5 de 138 alumnos/as responderon á enquisa), inferior á participación media no centro, que se sitúa nun 7%, e inferior á media da Universidade, que está nun 20%. No PCEO a participación foi algo superior, do 13% (6 de 47 estudantes). Esta tendencia ben agravándose nos últimos cursos, e impide extraer conclusións fiables. Polo tanto, aínda que incluimos os resultados neste informe, consideramos que as respostas non son indicativas da opinión do alumnado por non acadarse un nivel de representatividade aceptable.

Coas cautelas necesarias, obsérvase que a valoración media da titulación foi de 3,33, que é idéntica á do curso anterior (2,68 no caso do PCEO). As puntuacións dos diversos ítems pódense observar na sección 2.3. Destacamos a mellora de puntuación dos recursos materiais e servizos (3,63 fronte a un 3,17 en 2021/22) o que é revelador do esforzo que se fixo neste curso académico (era un dos aspectos a mellorar detectado no IRD anterior). Información e transparencia, recursos

materiais e servizos e organización e desenvolvemento do ensino son os aspectos máis valorados. O SGIC sigue sendo o ítem peor puntuado (2,10) e é o único ítem que non acada o aprobado (3). Claramente segue sendo necesario un esforzo maior na información sobre o sistema de garantía de calidade.

No PCEO, o ítem peor valorado é a organización e desenvolvemento da docencia, ademais do SGIC (2,18 e 2,33 de puntuación, respectivamente). O resto do aspectos acadan ou superan o aprobado, con notas superiores en información e transparencia (4,11) e en recursos humanos (3,60), en comparación co resto do alumnado de ADE.

Respecto do PDI, no curso 2022-23 realizáronse enquisas (son bianuales) e supérase o aprobado en todos os ítems. Os aspectos peor valorados son os resultados da aprendizaxe (3,58) e, de novo, o SGIC, aínda que neste caso cun 3,64. Os mellor valorados son os recursos materiais e servizos (4,23) e información e transparencia (4)

O PAS (enquisas bianuales) tamén amosa unha elevada valoración en todos o ítems. Os únicos aspectos con puntuación inferior a 4 son os recursos humanos (3,5) e a xestión da calidade (3,89), aínda que as puntuacións superan amplamente o aprobado en ambos casos.

En terceiro lugar, analízase a satisfacción dos egresados (persoas tituladas) A participación deste colectivo nas enquisas de satisfacción é tamén moi baixa, do 11 %, aínda que mellora respecto do curso anterior. Os egresados indican unha satisfacción media coa titulación dun 3,3, idéntica á do curso anterior. Na análise por bloques, a organización e desenvolvemento da ensinanza foi o aspecto peor puntuado (2,78) que, xunto co SGIC (2,44), son os únicos que non acadan o 3. O resto dos ítems superan o aprobado e melloran respecto do curso anterior. Os máis valorados son as prácticas externas (4,29) e a información e transparencia (4,11).

1.3. Mobilidade do estudiantado

O número de estudantes do grao en ADE que optou por cursar algún cuadrimestre, ou o curso enteiro, no estranxeiro mediante contrato de estudos ERASMUS, foi de 40 alumnos/as (semellante ao curso anterior). Tamén se beneficiaron de contratos ERASMUS 28 alumnos/as do PCEO ADE-Dereito, 12 máis que no curso anterior.

Da mesma maneira, 8 alumnos/as acolléronse á modalidade nacional a través do programa SICUE (10 no caso do PCEO, cun incremento de 6 alumnos respecto do curso anterior).

O número de estudantes estranxeiros que optan pola titulación do Grado en ADE da Universidade de Vigo para completar estudos foi de 65 persoas no curso 2022-23, cun aumento de 3 alumnos/as respecto do curso anterior.

O movemento de estudantes entre países favorece a multiculturalidade e mellora a formación do alumnado e do profesorado, na medida en que poden compartir experiencias diversas. Sen dúbida, tanto a recepción de alumnado alleo como a saída de alumnado propio é unha aposta decidida do centro para completar a formación.

1.4. Prácticas extra-curriculares

Na memoria de titulación de ADE non se contemplan prácticas curriculares. Non obstante, realízanse prácticas de carácter extra-curricular. A valoración destas prácticas por parte dos estudantes do grao e egresados é moi boa (3,40 e 4,29, respectivamente). Tamén se observa dende a coordinación das prácticas unha elevada satisfacción por parte dos empregadores ou empresas nas que o alumnado realiza as prácticas.

No curso 2022-23 rexistráronse 46 contratos de prácticas extra-curriculares no grao en ADE e 20 no PCEO (táboas anexas 4.a e 4.b) Estas prácticas beneficiaron a 33 alumnas y 31 alumnos. O 33% destas prácticas foron remuneradas, total ou parcialmente, no seu inicio (media de 400 euros/mes). A maioría destas prácticas realízanse a tempo parcial (81%), o que supón unha gran vantaxe para o alumnado, porque permite conciliar mellora a vida académica e laboral.

Tras finalizar o período de prácticas, aproximadamente un 10% do alumnado ten a posibilidade de manter a súa vinculación mediante outro tipo de contrato laboral. A duración media das prácticas foi de 327 horas.

No curso 2022/23 realizouse recoñecemento de créditos de optatividade por prácticas extra-curriculares a un total de 19 alumnos/as.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título.

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao).

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción.

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia.

3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...).

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros.

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso.

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso.

I02-AC: Ocupación .

I03-AC: Preferencia.

I03(2)-AC: Adecuación.

Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre a titulación en Administración e Dirección de Empresas é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes: estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web da Universidade de Vigo publícase a información pertinente sobre a institución (uvigo.gal) e na páxina web da FCEE (<http://fcee.uvigo.es/>) pódese atopar toda a información sobre as diferentes titulacións do centro. No portal de transparencia da Universidade publícanse datos para todos os indicadores utilizados neste informe (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>).

A información preséntase en dous idiomas, Castelán e Galego

Na pestaña *Facultade* (<http://fccee.uvigo.es/es/facultad/>) pódese atopar información sobre a organización da Facultade (equipo decanal, órganos colexiados, acordos...); sobre o PDI (listado de profesores/as, categoría, dirección de correo electrónico, teléfono, despacho...); sobre os distintos departamentos (con enlace ás webs propias de cada un deles) e sobre o PAS (Áreas de traballo, posto, teléfono, correo electrónico...). Tamén está a disposición dos distintos grupos de interese un compendio da normativa propia da Facultade e da normativa xeral da Universidade. Por último, esta pestaña contén información sobre a localización da FCEE e das principais liñas de autobuses para chegar á mesma.

Na pestaña *Docencia* (<http://fccee.uvigo.es/es/docencia/>) pódese atopar información xeral sobre as titulacións que se imparten na Facultade: Grao en Economía, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Dobre Grao ADE-Dereito e os distintos Mestrados; o calendario académico, o Plan de Acción Titorial e as materias que se imparten en inglés, dentro do Programa de Internacionalización da Facultade.

No que atinxe especificamente aos Graos, cabe mencionar que se dispón de información sobre as memorias dos títulos, os obxectivos, as capacidades requiridas e saídas profesionais, o plano de estudos e os horarios de docencia dos exames, nas súas distintas convocatorias oficiais. <http://fccee.uvigo.es/es/docencia/grado-ade/>

Na pestaña de *Emprego* (<http://fccee.uvigo.es/es/empleo/>) atópase a información sobre a xestión das prácticas, así como a información para a súa xestión.

Tamén se pode acceder á información sobre os programas de *Mobilidade* (<http://fccee.uvigo.es/es/movilidad/>) que dispón de varios programas de intercambio, tanto a nivel nacional como a nivel internacional.

Na pestaña dedicada ao sistema de *Calidade* (<http://fccee.uvigo.es/es/calidad/>) están a disposición dos distintos grupos de interese os informes de calidade, os planos de mellora así como o manual e os distintos procedementos de calidade existentes.

Para facilitar ao alumnado a información que lle pode ser precisa durante a súa etapa universitaria, na pestaña *Interésache* (<http://fccee.uvigo.es/es/te-interesa/>) organízase a información sobre a matrícula, os procedementos e xestións administrativas, as bolsas, o servizo de biblioteca, as actividades deportivas, o

centro de linguas, o gabinete psicopedagóxico, os programas de extensión cultural, etc.

As últimas novas e as experiencias dos distintos alumnos que cursaron estudos na facultade poden ser consultadas no *Blog* (<http://fccee.uvigo.es/es/blog/>) e na páxina de inicio.

Na páxina de inicio preséntase un vídeo promocional da Facultade e tamén enlaces directos a Moovi, a Bubela, á secretaría virtual, ao formulario QSP e as redes sociais da Facultade.

Dentro do compromiso de información ao estudantado, cumpre sinalar que a principio de curso se organiza unha reunión informativa para todo o alumnado, tanto o de novo ingreso como o que xa cursou estudos na facultade en anos anteriores (alumnado de continuidade). Nesa reunión infórmase de tódolos aspectos organizativos do centro, da estrutura da páxina web, do Plan de Acción Titorial, etc.

É necesario mellorar a páxina web incorporando información máis completa sobre o profesorado, así como do itinerario con materias en inglés.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título.

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao).

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición.

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

É obxectivo do Centro analizar o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvóléronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólvese de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008-2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estrutural, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de Revisión pola Dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, “as modificacións levadas a cabo son valoradas, a nivel xeral, como positivas”.

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na web do centro: <http://fccee.uvigo.es/calidade/> e a xestión de evidencias e rexistros lévase a cabo

mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/> (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: graos e mestrados, teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análises e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza o grao de consecución dos obxectivos de calidade establecidos. A participación dos distintos grupos de interese nas reunións da Comisión de Calidade favorecen os debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros. Esta comisión xoga un papel destacado no proceso de análise da titulación. A titulación de Grao en ADE foi obxecto de acreditación no ano 2017; dende entón preténdense corrixir os aspectos máis débiles da titulación, buscando sempre a mellora continua.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.)
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade

consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- SGIC foi actualizado ao longo da súa implantación, sendo a Área de Calidade da Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente, créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar os documentos “marco”.
- A Comisión de Calidade do centro é o mecanismo de reflexión e aprobación dos distintos documentos do SGC. Nela participan os representantes dos títulos, así como os coordinadores dos graos e representantes dos distintos grupos de interese, xestiónanse evidencias/rexistros asociadas ao sistema de calidade, que son validadas, pola devandita comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola Dirección.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título.

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao).

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición.

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia.

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Os recursos humanos –PAS e PDI- son fundamentais nos procesos soporte do título. Obsérvase unha dispoñibilidade adecuada e unha alta cualificación e adecuación ao programa formativo. O nivel de experiencia e actualización queda patente nos datos de quinquenios e sexenios do PDI ou na participación activa do PAS nos cursos de formación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa na titulación ten o nivel de cualificación esixido para a súa implantación, tanto en termos de experiencia docente como investigadora.

A porcentaxe de profesores doutores é do 92%. En inmensa maioría son profesores/as titulares de universidade, contratados/as doutores/as, axudantes/as doutores/as, polo que pode considerarse o conxunto do profesorado como moi estable.

O obxectivo de “Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)” é superior ao do curso anterior (82 sexenios, fronte a 74). A experiencia docente do profesorado maniféstase no elevado número de quinquenios de docencia que posúen: 334 no Grao en ADE e 218 no PCEO ADE-Dereito.

A institución ofrece diversas oportunidades ao profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

Para avaliar a actividade docente do profesorado, a Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). Tamén aquí se experimentou unha baixada na participación do alumnado (15%), aínda que se mantén mais estable (28%) no PCEO, cunha participación similar á do curso anterior. As avaliacións medias para o ano académico 2022-2023, tanto para GADE como para o PCEO foron as seguintes:

	V03G020V01 - Grado en Administración y Dirección de Empresas	V03G720V01 - PCEO Grado en Administración y Dirección de Empresas/Grado en Derecho
1. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	4,03	4,05
2. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada	3,98	3,85
3. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia.	3,87	3,83
4. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia.	4,15	3,77
5. Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.	4,22	3,79
6. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente.	4,33	3,99
7. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual...)	4,12	3,83
8. As probas e as actividades para a avaliación favorecen o meu aprendizaxe.	4,10	3,79
9. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.	4,39	4,15
10. En xeral, estou satisfeito co seu labor docente.	4,13	3,86
GLOBAL	4,10	3,89

As valoracións son superiores ás do curso anterior no caso de ADE e lixeiramente inferiores no caso do PCEO, e ambas superan amplamente o aprobado en todos os ítems considerados. No alumnado de ADE, todos os bloques obteñen unha valoración en torno a 4 ou superior, coas mellores avaliacións para o cumprimento das guías docentes, tanto respecto aos sistemas de avaliación como das metodoloxías. Para o PCEO os aspectos mellor valorados están tamén vencellados á claridade das guías docentes e o cumprimento dos criterios de avaliación.

Pola súa parte, o centro conta con 14 persoas de apoio (PAS), o que permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e, deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudiantado. A súa eficiencia e moi boa, xa que contan co nivel de cualificación esixido e o seu grao de implicación é excelente. Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación.

FCEE: Estructura del PAS 2022/23			
		Distribución	Porcentaxe
Sexo	Home	4,00	28,07%
	Muller	10,25	71,93%
	Total	14,25	100%
Nivel de Estudios	Básicas	1,00	7,02%
	Medias	7,50	52,63%
	Universitarias	5,75	40,35%
	Total	14,25	100%
Vinculación	Funcionario	13,00	91,23%
	Laboral	1,25	8,77%
	Total	14,25	100%
Categoría	A - (1)	0	0%
	A2 - (2)	0,25	1,75%
	C1 - (3)	7,75	54,39%
	C2 - (4)	6,25	43,86%
	Total	14,25	100%
Antigüedad	Ata 5 anos	0,50	3,50%
	De 6 a 10 anos	1,50	10,53%
	De 11 a 15 anos	1,75	12,28%
	De 16 a 20 anos	1,50	10,53%
	De 21 a 25 anos	3,75	26,32%
	Más de 25 anos	5,25	36,84%
	Total	14,25	100%

Como se reflicte nas enquisas de satisfacción, tanto o profesorado como o estudiantado amósase satisfeito cos recursos humanos da Facultade, outorgándolle unha puntuación de 4,30 (4 no PCEO) e 3 puntos, respectivamente. As persoas tituladas puntúan este apartado con 3,56 puntos.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve.

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA).

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI.

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas.

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución.

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título).

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI.

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio).

I03(2)-PE: Profesorado por categoría.

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que os recursos materiais e os servizos axéitanse ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos suficientes para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón de despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con pizarra, ordenador, pantalla e canón de video, así como con wifi de acceso libre. Ademais, o centro conta con aulas con equipos informáticos, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos/as, servizo de reprografía, cafetería e comedor, unha ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que o alumnado poida realizar os seus traballos académicos.

Para desenvolver as actividades docentes, o centro conta cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. <https://moovi.uvigo.gal/> e <https://campusremotouvigo.gal/>. Tamén conta con aulas e despachos virtuais que posibilitan a realización plena das distintas actividades docentes, tanto clases coma titorías. Tanto o profesorado como o alumnado pódese beneficiar destes medios tecnolóxicos, que dende a Facultade se consideran moi importantes para o desenvolvemento presente e futuro da ensinanza universitaria e para a realización de actividades complementarias, como conferencias, seminarios ou encontros virtuais.

Os recursos bibliográficos e documentais cos que conta a Facultade son axeitados e están en permanente actualización. Pódense consultar a través da páxina web da biblioteca <http://www.biblioteca.uvigo.es>.

Ademais, aplícanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente, que se poden coñecer a través da páxina web do servizo de prevención de riscos laborais da UVigo <https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/servicio-prevencion-riesgos-laborales>.

En xeral, consideramos que o nivel de recursos materiais e infraestruturas dispoñibles asegura o correcto funcionamento dos distintos títulos que se imparten na Facultade así como da actividade investigadora. Nese senso, o estudantado do grao en ADE amósase satisfeito cos recursos materiais, outorgándolle unha puntuación de 3,63 puntos (3,17 no curso pasado). As persoas tituladas outórganlle a este apartado unha puntuación de 3,96 puntos, o PAS un 4 e o profesorado un 4,23.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título.
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT.
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia.
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos.
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...).

Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da aprendizaxe obtidos polo alumnado da titulación en ADE son os previstos na memoria da titulación.

Dende o centro tamén se realiza unha labor continua de coordinación vertical e horizontal para garantir o funcionamento axeitado dos procesos que afectan á docencia, incluíndo a planificación de grupos, horarios e espazos. O profesorado responsable das distintas materias de cada un dos cursos da titulación mantén reunións co/a coordinador/a do seu curso. Nesas reunións valórase como transcorre cada cuadrimestre e preséntanse os aspectos positivos e negativos, se os houbese, de cara a unha mellor planificación e desenvolvemento da docencia, co fin de facilitar a adquisición das competencias definidas nas guías docentes. Esta

información trasládase á persoa coordinadora da titulación e á equipa decanal do centro para, de ser o caso, informar á Comisión de Calidade ou á Comisión de Docencia, quen deberá analizar os potenciais problemas que puideran xurdir e propor solucións.

Como en cursos anteriores, revisáronse e actualizáronse todas as guías docentes das materias da titulación, e foron publicadas tanto en castelán como en galego. Estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o alumnado, xa que aportan unha visión global das materias a cursar. De acordo co Plan de Internacionalización do Centro, as materias que se acolleron ao plan publicaron as súas guías en inglés.

Para cada cuatrimestre e curso publícase tamén o cronograma de probas avaliáveis para facilitar ao alumnado a organización do seu traballo e para evitar períodos con sobrecarga de traballo. Estes cronogramas publícanse na plataforma de teledocencia, no espazo común de cada curso.

As competencias, resultados da aprendizaxe, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas guías docentes de cada materia, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web do centro (<http://fccee.uvigo.es/es/docencia/grado-ade/>).

Análise das materias nos distintos cursos da Titulación

Unha análise do grao permite concluír que a taxa de éxito global e de rendemento son satisfactorias, superando as metas establecidas. A taxa de éxito do Grao en ADE é do 71% e a do PCEO ADE-Dereito do 93%, superando ambas a meta do 68%. A taxa de rendemento é do 58% no Grao en ADE e do 85% no PCEO, superando tamén ambas a meta do 53%. A taxa de graduación en ADE acadou a meta do 24% e é superada amplamente no PCEO, co 68%. A taxa de eficiencia é a única que está por debaixo da meta (75% fronte á meta do 77%), aínda que no está a moita distancia.

Este curso 2022-23, trece materias (21%) non acadan os obxectivos fixados para a taxa de éxito. Ordenadas de maior a menor distancia á meta, serían (68%): Contabilidade Financeira II (29,83%), Contabilidade de Custos (42,65%), Estatística (43,65%), Econometría (47,24%), Xestión de Empresas (51,67%), Contabilidade Financeira I (56,98%), Matemática das Operacións Financeiras (56,63%), Empresa: Fundamentos de Administración (58,67%), Historia Económica (61,93%), Dirección

de Recursos Humanos (64,13%), Réxime Fiscal da Empresa (64,59%), Microeconomía (65,75%). Nove materias (14%) non acadan os obxectivos fixados para taxa de rendemento (53%). Estas son Contabilidade Financeira II (22,04%), Contabilidade de Custos (25,44%), Estatística (31,73%), Econometría (35,65%), Xestión de Empresas (38,11%), Matemáticas das Operacións Financeiras (41,42%), Contabilidade Financeira I (44,55%), TFG (47,10%) e Matemáticas (52,10%),

No caso do PCEO ADE-Dereito so unha materia non superou a meta para a taxa de éxito (Contabilidade Financeira II, 65,31%) e todas as materias acadaron a meta respecto da taxa de rendemento.

No curso 2022-23 seguiu a promover a busca de maiores competencias do alumnado en canto ao nivel de idiomas a través do plan de internacionalización. Aínda que no grao en ADE so entre un 5 e un 10% do alumnado propio optou polo estudo das materias nesa lingua, os resultados foron satisfactorios.

A materia Traballo de Fin de Grao evidencia unha gran complexidade na súa organización e no seu desenvolvemento (traballos individuais baixo a tutela dun/ha profesor/a). Cada membro do profesorado con docencia maioritaria no Grao en ADE ten que dirixir un mínimo de seis TFG.

A taxa de éxito no TFG é do 100%, tanto o grao en ADE como no PCEO, o que supón que todo o alumnado que defendeu o seu traballo obtivo a cualificación de apto. Un total de 121 estudantes do grao en ADE presentaron o seu TFG, dos cales 20 acadaron a cualificación de Aprobado, 53 de Notable, 42 de Sobresaínte e 6 Matrículas de honra (136 Non presentados, algo inferior á cifra do curso pasado). No PCEO ADE-Dereito, 32 defenderon o seu traballo, obtendo 3 a cualificación de aprobado, 12 a de Notable, 14 de Sobresaínte e 3 Matrículas de honra.

A taxa de rendemento do TFG no curso 2022-23 está por debaixo da meta da titulación (53%), no caso do Grao en ADE situouse no 47,10%, mentres que no PCEO acádase a meta establecida cun 61,22%.

Analizando conxuntamente a taxa de éxito coas taxas de rendemento e avaliación, pódese concluír que os traballos de fin de grao que se defenden son de boa calidade e os estudantes acadan as competencias definidas na guía docente. Pero a existencia dunha normativa moi esixente, segundo a cal soamente poden defender o seu traballo aqueles estudantes que superaron todos os créditos da titulación, explica as taxas. Moitos estudantes optan por matricularse no TFG aínda que, ademais das materias de cuarto curso, teñan pendentes de superar materias de cursos

anteriores. Ao non superar todas as materias nas dúas convocatorias do curso, teñen que defender o TFG na convocatoria extraordinaria no curso seguinte (obsérvense os 136 non presentados). Isto refléxase na baixa taxa de avaliación do TFG en ADE (47,10%).

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias.

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por material.

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-
Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción.

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia).

Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e permiten satisfacer as demandas sociais da súa contorna.

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adecuada adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado. A nota media do alumnado no curso 2022-23 foi de 6,83 puntos en ADE e de 7,48 no PCEO, acorde coa media da maioría dos Graos que se ofertan na Universidade de Vigo.

As taxas de rendemento, éxito e eficiencia superan a meta establecida. Pola súa parte, a taxa de eficiencia non supera a meta establecida, caendo de novo despois da recuperación do curso anterior. En positivo, a taxa de abandono segue a súa tendencia decrecente, achegándose aínda que non acadando aínda o valor da meta establecida (20%). A taxa de gradación diminúe un pouco este curso aínda que acada

a meta establecida. A duración media dos estudos tamén aumentou un pouco respecto do curso anterior, 6,16 alonxándose de novo da meta (5,5). Como se observa, supéranse tres das seis metas establecidas respecto aos parámetros da táboa, aínda que a tendencia en dúas delas non é favorable. A taxa de éxito e gradación, aínda que acadan a meta, tampouco seguen unha tendencia positiva.

	Meta	2022-23	2021-22	2020-21
Taxa de abandono (%)	<20%	22,22	25,15	35,40
Taxa de éxito (%)	≥68%	71,00	74,00	75,00
Taxa de rendemento (%)	≥53%	58,00	58,00	60,00
Taxa de eficiencia (%)	≥77%	74,67	78,00	74,00
Taxa de gradación (%)	≥24	23,93	27,70	21,90
Duración media dos estudos	≤5,5	6,16	5,78	5,90

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados.

- Taxa de gradación.
- Taxa de abandono.
- Taxa de eficiencia.
- Taxa de rendemento.
- Taxa de éxito.
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial).

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso.

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos.

II.2. Grado en Economía

II.2.1. Situación dos rexistros do SGIC do Grao en Economía

Listaxe de Rexistros V03G100V01 – Grao en Economía

R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Non procede. Esta titulación non foi sometida neste curso a un proceso de modificación da súa memoria	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	O seguimento da titulación centralízase no informe de revisión pola dirección. arquivado nesta mesma plataforma e dispoñible a través da web do centro: http://fccee.uvigo.es/es/calidad/	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	No procede	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	O Grao en Economía non dispón de prácticas curriculares. Non obstante, dado o elevado número de prácticas extra-curriculares, xuntamos informe sobre o seu desenvolvemento	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI		Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	"Informe de autoavaliación de renovación da acreditación do grao en Economía" aprobado. ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DA CALIDADE DO 23/05/2023 (Aprobada na Comisión permanente de 05/6/2023) ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DO 24/05/2023 (Aprobada na Comisión permanente de 05/07/2023)	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede. Esta titulación está sometida neste curso académico a un proceso de acreditación polo que non corresponde realizar un proceso de seguimento externo	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Non procede	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede. Esta titulación xa está sometida neste curso académico a un proceso de acreditación	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza		Completado

II.2.2. Datos e indicadores

Código SGC	Código ACSUG	Descrición	¿Existe meta asociada?	Resultado Curso 2022- 2023	Resultado Curso 2021- 2022	Resultado Curso 2020- 2021
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudiantado	≥3	2,98	3,29	2,93
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	≥3	3,95	Non houbo enquisas	4
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	≥3	3,09	3,35	3,29
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Non definido	-	-	3,89
I01-AC		Nota media de acceso	≥7,2	Ver táboa anexa	Ver táboa anexa	Ver táboa anexa
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso	5	5	6,140	5,42
I02-AC		Ocupación	100%	90,00%	120%	113,33%
I03-AC		Preferencia	≥97%	91,67%	88,3%	126,67%
I03(2)-AC		Adecuación	≥87%	81,48%	61,11%	72,31%
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscrición (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico)	-	54	72	65
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	-	16,74%	18,45%	NON HAI DATO

I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		4,02	3,77	3,86
I05-DO		Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	≥3	3,06	3,24	2,74
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	≥3	3,88	Non hai enquisas	2,87
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	≥3	2,71	2,89	2,87
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	-	2,67	4,00	Non hai enquisas
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	-	7	28	12
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	-	14	15	9
I010-DO		Duración media dos estudos	≤5	5,11	5,36	5,03
I011-DO		Taxa de rendemento	≥58%	62%	62%	65%
I012-DO		Taxa de abandono	≤15%	23,73%	11,48	22,03%
I013-DO		Taxa de eficiencia	≥77%	83,66%	79%	74%
I014-DO		Taxa de graduación	≥48%	34,43%	42,19%	42,19%
I015-DO		Taxa de éxito	≥68%	77%	77%	79%
I016-DO		Tempo medio para encontrar emprego	Non definido	Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos

I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	≥58%	61,40%	48,15%	52,94%
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non definido	7	13	17
I02-PE		Cualificación do PDI	≥73%	Ver táboa anexa		
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	≥68	Ver táboa anexa		
I03(2)-PE		Profesorado por categoría	Categoría		Nº	
			Catedrático	Ver táboas anexas		
			Titular			
			Contratado Doutor			
			Axudante Doutor			
			Asociado			
Externos						

TÁBOA ANEXA 1. PERFIL DE INGRESO DO ALUMNADO. ECO. CURSO 2022/23.

Modalidad Ingreso	Estudio Acceso	Sexo	Nº de ingresos	Nota media acceso	Nota media acceso <Sin Sexo><TS>
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	Home	23	7,929	8,348
		Muller	23	8,766	
Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	Home	3	6,110	6,554
		Muller	5	6,888	
	Credencial de homologación (MECD) dun título universitario estranxeiro a un título universitario español	Home	1	-	-
Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Pláticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	Home	1	7,770	7,770

Táboa Anexa 2.a. Profesorado por categoría laboral. Resumo. Curso 2022-23

Categoría Laboral	Home	Muller	Total
Profesor/a titular de escola univer.	1	0	1
Catedrático/a de universidade	6	5	11
Profesor/a asociado/a T3	0	1	1
Profesor/a titular de universidade	11	12	23
Profesor/a contratado/a doutor/a	0	2	2
Profesor/a contratado/a de substitución	1	2	3
Profesor/a axudante doutor/a	1	3	4
Outros (invitado, post-doc, etc.)	4	0	4
TOTAL	24	25	49

Táboa Anexa 2b. Cualificación do profesorado: doutor s/n, sexenios, quinquenios. Curso 2022-23

Categoría	Doctor (S/N)	Extranjero (S/N)	Nº Sexenios			Nº Sexenios potenciales			Nº quinquenios		
			Hombre	Mujer	total	Hombre	Mujer	total	Hombre	Mujer	total
Profesor/a titular de escola univer.	S	N	0	0	0	0	0	0	6	0	6
Catedrático/a de universidade	S	N	28	20	48	29	22	51	36	29	65
Profesor/a titular de universidade	S	N	26	15	41	42	43	85	64	66	130
Profesor/a contratado/a doutor/a	S	N	0	0	0	0	5	5	0	9	9
Profesor/a axudante doutor/a	S	N							1	0	1
TOTAL			54	35	89	71	70	141	107	104	211

TÁBOA ANEXA 3. PORCENTAXE DE HORAS DE DOCENCIA DO PROFESORADO. ECO. CURSO 2022-23.

Tipo Puesto	Categoría Laboral	% horas de docencia na titulación
PROFESOR	Profesor/a titular de escola univer.	3,68%
	Catedrático/a de universidade	29,19%
	Profesor/a asociado/a T3	1,65%
	Profesor/a titular de universidade	54,14%
	Profesor/a contratado/a doutor/a	1,93%
	Profesor/a axudante doutor/a	3,35%
	Profesor/a contratado/a de substitución	4,87%
Invitado	Non Aplicable	1,19%
	TOTAL	100,00%

TÁBOA ANEXA 4. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR CENTRO DE PRÁCTICAS.
ECO. CURSO 2022/23.

ACEGA ASESORES S.L	1
ALLIANCE EMPLEO	1
Asesoría Graña S.L.	1
CARPE ELECTRICIDAD, SLU	1
Crowe Auditoria España SL	1
FONCEL SL	1
GALICONTROL S.L.	1
GESCON	1
HOGARLIN	2
ICSEM SL	1
IDE COMUNICACION	1
José Luis Pallares López	1
PAZ DISMAC SL	1
PONTEASESORES	1
PUBLIGAL	1
RADIO VIGO	1
REMOLCAR	1
SAILWAY S.L.	1
SENSO ASESORES Y CONSULTORES, S.L.	1
TELEVIGO -INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U.	1
VASCO GALLEGA SOCIEDAD DE CARTERA, S.L.	1
TOTAL	20

E5: Actas das reunións da Comisión Académica / Comisión de Titulación / Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados, ...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

O Máster dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa

calidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O resultado obtido nas enquisas de satisfacción no apartado relativo a información pública acadan o valor de **3,80** para alumnado e 5 para persoas tituladas.

Na enquisa propia alternativa proposta ós alumnos dende o máster, obtivemos as seguintes cualificacións para as preguntas relacionadas con información e transparencia:

- *La página web facilita información relevante y es fácilmente accesible: 4,3*
- *Es sencillo contactar con el coordinador y responde a las preguntas y requerimientos en breve tiempo: 4*
- *La plataforma de teledocencia es fácilmente accesible y contiene todo el material necesario para el seguimiento y aprendizaje de las materias: 4,33*

A información relevante sobre o Máster (programa, profesorado, calendario e horarios, materias, guías docentes, memoria, etc.) é pública e se atopa dispoñible para tódolos grupos de interese na páxina web do Máster: <http://masterfinanzas.webs.uvigo.es/>. A páxina web é revisada o comezo de cada curso para actualizar os datos que se modifican (horarios, enlaces coas guías docentes, etc.) e ademais incorporase de maneira inmediata calquera modificación. Na páxina web existe un formulario de contacto que permite as persoas interesadas solicitar información dunha maneira sinxela e inmediata. Tamén incorporase un blog que permite a comunicación e explicación de información e novas relevantes dunha maneira máis extensa e profunda que con outras redes sociais.

Así mesmo, úsanse as redes sociais para manter canais de contacto cos alumnos e persoas interesadas no máster (twitter, LinkedIn, etc.) onde se comunican as principais novidades no Máster e datas de matrícula.

A canle de comunicación cos alumnos matriculados o longo do curso é a plataforma de teledocencia Moovi, que permite enviar correos con información relevante a tódolos alumnos.

Os resultados acadados polo alumnado na titulación en xeral ou nas distintas materias en particular, pódese consultar na páxina web da Universidade de Vigo, no seu portal de transparencia <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia>

Na primeira sesión realízase unha presentación ao alumnado na que se explican aqueles aspectos máis relevantes (materias, profesorado, prácticas ou TFM,

sistemas de avaliación, etc.). Tamén se lles envía información detallada a través de correo e completase co uso das plataformas de teledocencia da Universidade (Moovi). A coordinación está en contacto permanente co alumnado para solucionar dúbidas e facilitar toda a información demandada.

A acción de mellora de cambio de plataforma de teledocencia Moovi que usa Moodle é acadada neste curso 2021/22.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1-DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos

completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudante.

Nos recursos humanos do PDI obsérvase unha dispoñibilidade adecuada e unha alta cualificación e adecuación ó programa formativo.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O resultado obtido nas enquisas de satisfacción no apartado relativo a recursos humanos acadan o valor de 3,80 para alumnado e 4,86 para profesores.

Na enquisa propia alternativa proposta ós alumnos dende o máster, obtivemos as seguintes cualificación para as preguntas relacionadas con recursos humanos e profesorado:

- *Estoy satisfecho con el nivel académico y los contenidos de las materias del máster: 2,67*
- *La cualificación y perfil del profesorado es adecuada para impartir las materias: 3*
- *El método y contenido de la evaluación se ha ajustado a los contenidos*

impartidos en las materias: 3,67

- *El tutor de trabajo de fin de máster ha sido fácilmente localizable y me ha asesorado adecuadamente para la realización del TFM: 4*
- *La evaluación y calificación del tutor de TFM refleja el esfuerzo y trabajo que he realizado: 4*

Os resultados da enquisa interna extra-oficial do Máster son concordantes cos acadados nas enquisas oficiais e aportan mais datos para avaliar a actuación dos profesores e emitir recomendación. Non obstante a media de cualificación é elevada o que consideramos un bo resultado que reflicte una opinión satisfactoria do alumnado co traballo do profesorado e a súa cualificación para impartir docencia no máster.

Detéctase unha diminución de resultados respecto ó curso anterior. Moitas poden ser as causas, pero destacamos dúas:

- Reducido número de respostas que introduce sesgos.
- Erro nas expectativas de algún alumno que resposta as enquisas con resultados moi baixos en tódalas preguntas e que reflicte que non acadou satisfacción co Máster en xeral por non adaptarse a súa expectativa de formación ou de inserción laboral. Pola contra outros estudantes conceden calcificacións moi boas entre 4 e 5 puntos. Esta disparidade reflicte que algúns estudantes matricúlanse sen analizar con profundidade o plano de estudos e contidos do Máster.

O profesorado que participa na titulación ten o nivel de cualificación esixido para a súa implantación. Neste Máster, tendo en conta o carácter profesionalizante, unha parte importante do profesorado está composto por profesionais en activo alleos a Universidade, o que confire un carácter mais práctico. A lista de profesores e un breve CV pódese consultar na páxina web do Máster.

O artigo 7.3 b) do Real decreto 420/2015 establece o setenta por cento dos doutores para o conxunto de ensinanzas correspondentes á obtención do título de máster. Para estes efectos, o número total de profesores calcularase sobre o equivalente en dedicación de tempo completo.

Tendo en conta que nun Máster deste tipo o profesorado externo non doutor é a tempo parcial, o cálculo desta porcentaxe é confuso. Non obstante, para o curso 2022/23, o profesorado doutor do máster impartiu ou supervisou actividades que superan o 70% da carga docente total medida nos créditos ECTS do programa. Con

esta maior implicación e asunción da carga docente do profesorado doutor, téntase axustar o Máster á filosofía do RD 420/2015, non en termos de número de profesores, senón en canto á distribución da carga docente entre estes docentes. En calquera caso, a asignación de créditos ECTS implica que os profesores doutores asuman o 73% da carga docente. O 100% das prácticas en empresas son titorizadas por doutores e o 100% dos proxectos finais de máster son titorizados por doutores. Ademais, en todas as materias, o coordinador da materia é un doutor.

O profesorado procedente da Universidade está composto por profesores titulares e contratados e axudantes doutores, con elevado número de quinquenios.

O PAS asignado a facultade de Económicas así como o da Secretaría de alumnos e área de emprego contribúen a realización do Máster e as xestión dos alumnos. Todos eles son facilmente accesibles a través de correo e teléfono, o que facilita ás xestións.

Durante o curso propúxose unha enquisa interna deseñada en cursos anteriores ós alumnos, e a media de resultados acadados polos datos de tódolos profesores resúmese nesta táboa:

	Curso 2022-23	Curso 2021-22	Curso 2020- 21
	Media	Media	Media
Preguntas			
Nivel de contenidos impartido por el profesor	4,66	4,71	4,61
Documentación facilitada por profesor	4,72	4,64	4,57
Actitud del profesor en clase	4,66	4,77	4,64
Interés de los contenidos para la formación	4,74	4,68	4,60
Resolución dudas del profesor	4,64	4,63	4,56
Ejercicios prácticos realizados en clase	4,68	4,55	4,41
Adaptación de la evaluación a contenidos impartidos	4,73	4,57	4,48
Valoración global del profesor	4,68	4,67	4,52

Non se aprecian diferencias reseñables entre os cursos pasados e a media está en valores maiores a 4,5 puntos en tódolos ítems analizados.

Con tódolos datos dispoñibles, concluímos que o nivel do profesorado adáptase as expectativas dos alumnos, e non son necesarias accións de mellora.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O resultado obtido nas enquisas de satisfacción no apartado relativo a recursos materiais acadan o valor de 3,79 para alumnado e 5 para persoas tituladas. O profesorado está bastante satisfeito cos recursos materiais ós que outorga unha cualificación de 4,86.

Na enquisa propia alternativa proposta ós alumnos dende o máster, obtivemos as seguintes cualificacións para as preguntas relacionadas con recursos materiais e servizos:

Nivel de satisfacción con la tramitación administrativa (matrícula, convalidación prácticas, expedición título...): 3,33

La plataforma de teledocencia es facilmente accesible y contén todo el material necesario para el seguimiento e aprendizaxe de las materias: 4,3

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados. As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, cafetería e comedor, unha ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

Para desenvolver as actividades docentes, a Universidade conta tamén cun servizo de teledocencia, baseado en Moodle e que neste curso usouse por primeira vez no Master implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. <https://moovi.uvigo.gal/> . Nas reunións de titorización dos TFM, a miúdo úsase a plataforma de teleconferencia desenvolvida pola Universidade Campus Remoto <https://campusremotouvigo.gal/> . Tanto o profesorado como o alumnado puidéronse beneficiar destes medios tecnolóxicos, que dende a Facultade se consideran moi importantes para o desenvolvemento futuro da ensinanza universitaria.

Os recursos bibliográficos e documentais cos que conta a Facultade son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca <http://www.biblioteca.uvigo.es>

Aplicanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web do Servizo de prevención de riscos laborais da UVigo

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/prevencion-riesgos>

En xeral, consideramos que o nivel de recursos materiais e infraestruturas dispoñibles asegura o correcto funcionamento dos distintos títulos que se imparten na Facultade así como da actividade investigadora. Nese senso, como se reflicte nas enquisas de satisfacción, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade, outorgándolle unha puntuación de 4,89 (4,50 no curso anterior) e, as persoas tituladas, con 3,33.

O persoal de administración e servizos é facilmente accesible e axuda os alumnos en tódalas xestións administrativas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O resultado obtido nas enquisas de satisfacción no apartado relativo a resultados de aprendizaxe acadada o valor de 3 para alumnado e 5 para persoas tituladas.

Na enquisa propia alternativa proposta ós alumnos dende o máster, obtivemos as seguintes cualificacións para as preguntas relacionadas con resultados de aprendizaxe:

- *Los contenidos del máster han respondido a tus expectativas: 3*
- *Creo que haber cursado el máster puede influir positivamente en mi futuro profesional: 3,33*
- *Recomendaría cursar el máster a otros alumnos interesados en futuras ediciones: 3*
- *El método y contenido de la evaluación se ha ajustado a los contenidos impartidos en las materias: 3,67*

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos do máster son os previstos na Memoria da Titulación. A CAM analiza os resultados e debate, si é necesario sobre desviacións. As taxas de avaliación, rendemento e éxito no curso 2022-2023 son elevadas para a maior parte das materias. Soamente se reduce por estudantes que non se presentan a avaliación ou abandonan o Máster.

Como se pode observar nas taxas de rendemento, éxito e avaliación por materia, os resultados son moi favorables. Taxas de rendemento e éxito elevadas e cualificación satisfactorias na maioría das materias (preto do 100%), excepto na realización do TFM, para a totalidades do alumnado. Os alumnos do Máster teñen un elevado nivel de motivación, o que pode explicar estes resultados.

O resultado das enquisas de satisfacción do alumnado é de 3, máis reducido que no curso anterior. O reflexionar sobre esta diminución non se produciran cambios nos contidos das materias ou no sistema de avaliación, polo que parece que existe un cambio nas expectativas dos estudantes deste curso.

Mantense ás clases de apoio con carácter voluntario en Contabilidade e valoración financeira, aínda que a asistencia de estudantes é reducida.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se comentara anteriormente, os porcentaxes de éxito, rendemento e avaliación son do 100% na maioría das materias, excepto no TFM. Dende a CAM do Máster reflexionamos sobre as posibles causas de que un número significativo de estudantes non finalice o TFM e os titores colaboramos activamente para que esta situación mellore.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- Taxa de gradación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendemento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

III.1.4- Modificacións non substanciais no máster en Finanzas

Incluiranse as modificacións non substanciais que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a Titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificación nos Títulos verificados de Grao e Máster” da ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teñan que someter a un proceso de Modificación.

III.1.5. Accións de mellora do máster en Finanzas

III.1.5.1. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores

As accións e o seu estado de seguimento están incluídas de forma detallada na aplicación de xestión documental do SGC.

III.2. Máster en Técnicas Estatísticas

III.2.1. Introducción

Denominación do título	Máster Universitario en Técnicas Estatísticas
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
Universidades participantes	Universidade de Santiago (USC) Universidade da Coruña (UDC) Universidade de Vigo (UVigo)
Centro responsable	Facultade de Matemáticas
Centros onde se imparte	Facultade de Matemáticas Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais Facultade de Informática
Rama de coñecemento	Ciencias
Número de créditos	90 ECTS
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2019/2020
Data acreditación ex ante (verificación)	19/07/2019

No curso 2022-2023 impártese a cuarta edición do Mestrado en Técnicas Estatísticas, en adiante MTE, trala modificación do seu plano de estudos no curso 2019/2020. Trátase dun mestrado interuniversitario organizado e impartido conxuntamente polas tres universidades galegas: Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Estatística e Investigación Operativa; Universidade da Coruña. Departamento de Matemáticas; Universidade de Vigo. Departamento de Estatística e Investigación Operativa.

O MTE ten unha ampla traxectoria temporal, impartíndose de forma ininterrompida dende o ano 2007. Ademais a traxectoria do MTE é moi satisfactoria cunha tendencia claramente alcista en relación ao número de matriculados, especialmente acusada nos últimos anos.

Para obter o título oficial de MTE, que a súa vez permite o acceso ao Doutoramento, o estudante debe superar un total de 90 ECTS. O novo plan de estudos, que comezou no curso académico 2019/2020, consta de 90 créditos organizados en 3 semestres de 30 créditos, organizados en materias de 5 créditos, e o traballo fin de mestrado de 15 créditos.

O primeiro cuadrimestre compóñeno dous itinerarios (Aplicado e Académico), e consta de 6 materias de cinco créditos. O obxectivo deste primeiro cuadrimestre é

presentar aos estudantes as técnicas fundamentais do manexo de datos, as técnicas inferenciais, o modelado probabilístico, as técnicas de optimización, os modelos de análise de dependencia, así como as técnicas non paramétricas. Cada un destes obxectivos desenvólvese nunha materia específica. Este cuadrimestre garante que, independentemente do itinerario escollido, os alumnos adquiran as competencias básicas do MTE. Así, os estudantes finalizarán o primeiro cuadrimestre en condicións de cursar calquera materia do Módulo Optativo do segundo e terceiro cuadrimestre. No momento da matrícula o estudante deberá escoller un dos dous itinerarios. Excepcionalmente, e se así o autoriza a Comisión de Título do MTE, poderase intercambiar algunha materia do itinerario escollido pola materia correspondente do outro itinerario.

Itinerario Aplicado	Itinerario Teórico
Análise exploratorio de datos	Tecnoloxías de xestión de datos
Inferencia estatística	Estatística matemática
Modelos de probabilidade	Teoría da probabilidade
Programación lineal e enteira	Programación Matemática
Modelos de regresión	Regresión xeneralizada e modelos mixtos
Métodos no paramétricos	

Ambos itinerarios dan acceso ao módulo optativo, que se desenvolve no segundo e terceiro semestre. Para formalizar unha matrícula de 60 créditos, no segundo semestre o alumno debe elixir 6 materias optativas de 5 créditos cada unha. O terceiro semestre tamén consta de 30 créditos, 15 do TFM e, ademais, outros 15 repartidos en 3 materias optativas de 5 créditos. O reparto de materias optativas cursadas no segundo e terceiro semestre pode cambiarse a condición de que en total cúrsense 45 créditos optativos.

O TFM consta de 15 créditos que poderá ser tanto un traballo académico ou profesional. Poderase realizar ao amparo dun convenio de colaboración cunha empresa. Ofértase no segundo ano do mestrado.

Para máis información sobre o novo plan docente véxase a páxina web <http://eio.usc.es/pub/mte/descargas/Planificaci%C3%B3n%20das%20ensinanza.s.pdf>.

III.2.2. Situación dos rexistros SGIC do Máster en Técnicas Estatísticas

Listaxe de Rexistros V03M100V01 - Máster Universitario en Técnicas Estatísticas

Rexistro	Procedemento	Observacións	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	No procede	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	No procede	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	No procede	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	No procede	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	No procede	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	No procede	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	No procede	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Informe de coordinación	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Criterio asignación prácticas	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	31/10/2019	Completado

III.2.3. Indicadores

Indicadores da UVigo

Panel de Indicadores	¿Existe Meta de calidade asociada?	Resultado Curso 2022-2023	Resultado Curso 2021-2022	Resultado Curso 2020-2021
Grao satisfacción estudiantado	>3	4,86		2,18
Grao satisfacción profesorado	>4	4,56	Non houbo enquisa	4,78
Grao satisfacción persoas tituladas	-	Non hai		4,75
Grao satisfacción empregadores	-	Non hai	Non houbo enquisa	4,21
Nota media de acceso	-	Ver táboa	7,09	6.787
Nota mínima de acceso	-			
Ocupación	-	16%	48%	20%
Preferencia	-	--	--	-
Adecuación	-	--	-	-
Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico)	-	5	12 (53)	6(48)
Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	-	28,07	32,14	-
Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	-	4,8	4,51	-

Grao de satisfacción do estudiantado coa Planificación e Desenvolvemento da ensinanza	>3	5	Sen datos	2,17
Grao de satisfacción do profesorado coa Planificación e Desenvolvemento da ensinanza	>4	4,62	Sen datos	4,78
Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	-	Non hai	Sen datos	4,67
Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	-	Non hai	Non hai	
Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	-	0	0	
Estudantes estranxeiros	-	0		0
Duración media dos estudos	2,25	2,17	2.5 ou 5 (2.43)	(2,67)
Taxa de rendemento	>80%	69%	Dous datos 43% e 62% (78.04%)	76% (81,80%)
Taxa de abandono	<10%	14,29%	50% (13.21%*)	(6,25%*)
Taxa de eficiencia	>80%	96,43%	Dous datos 72% e 100% (92.7%)	(91.98%)
Taxa de graduación	>70%	28,57%	(13.21%*)	(60.42%)
Taxa de éxito	>80%	86%	Dous datos 100% e 82% (92.09%)	89% (95.39%)
Tempo medio para encontrar emprego		Non hai datos	Non ha datos	Non hai datos
Porcentaxe de PAS en formación	-	61,40%	48.15%	52,94 (publicado en abril de 2021)
Profesorado en programas de formación	-	3	7	
Cualificación do PDI	-	Ver táboa	Ver táboa	Ver sección II

Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)		Ver táboa	39 (107)	(6)
Profesorado por categoría	Categoría			
	Catedrático	Información recollida na táboa 7 do informe		
	Titular			
	Contratado			
	Doutor			
	Non aplicable			
Emérito				

Na columna da esquerda figura o código SGC (entre parénteses o código ACSUG cando corresponde). (*) Dato provisional: Faltan resultados de todos os cursos involucrados no cálculo. (**) As enquisas internas do master teñen un diferente baremo.

Taxas de Rendemento (e número de créditos) por materia para o curso académico 2022/2023.

		Sexo	Nº créditos matriculados	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	T. Eval.	T. Exito	T. Ren.
M184101	Análise exploratoria de datos	Home	10,00	10,0	5,0	100,00%	50,00%	50,00%
		Muller	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	25,00	25,0	15,0	100,00%	60,00%	60,00%
M184102	Inferencia estatística	Home	15,00	10,0	10,0	66,67%	100,00%	66,67%
		Muller	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	30,00	25,0	20,0	83,33%	80,00%	66,67%
M184103	Modelos de probabilidade	Home	15,00	10,0	10,0	66,67%	100,00%	66,67%
		Muller	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	25,00	20,0	20,0	80,00%	100,00%	80,00%
M184104	Programación lineal e enteira	Home	15,00	10,0	10,0	66,67%	100,00%	66,67%
		Muller	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	30,00	25,0	20,0	83,33%	80,00%	66,67%
M184105	Modelos de regresión	Home	15,00	10,0	10,0	66,67%	100,00%	66,67%
		Muller	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	30,00	25,0	20,0	83,33%	80,00%	66,67%
M184106	Métodos non paramétricos	Home	20,00	10,0	10,0	50,00%	100,00%	50,00%
		Muller	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	35,00	25,0	20,0	71,43%	80,00%	57,14%
M184107	Tecnoloxías de xestión de datos	Home	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184111		Home	5,00	5,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%

	Regresión xeneralizada e modelos mixtos	Total	5,00	5,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%
M184201	Análise multivariante	Home	15,00	10,0	10,0	66,67%	100,00%	66,67%
		Muller	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	25,00	20,0	20,0	80,00%	100,00%	80,00%
M184202	Optimización aplicada	Muller	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184203	Control estatístico da calidade	Home	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Muller	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184204	Estadística espacial	Home	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Muller	10,00	10,0	5,0	100,00%	50,00%	50,00%
		Total	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
M184205	Regresión non paramétrica e semiparamétrica	Home	10,00	5,0	5,0	50,00%	100,00%	50,00%
		Total	10,00	5,0	5,0	50,00%	100,00%	50,00%
M184206	Análise de supervivencia	Muller	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184208	Mostraxe	Home	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Muller	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	20,00	20,0	15,0	100,00%	75,00%	75,00%
M184209	Procesos estocásticos	Home	10,00	5,0	5,0	50,00%	100,00%	50,00%
		Muller	5,00	5,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%
		Total	15,00	10,0	5,0	66,67%	50,00%	33,33%
M184210	Redes de planificación	Home	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Muller	5,00	5,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%
		Total	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
M184211	Simulación estatística	Home	10,00	5,0	5,0	50,00%	100,00%	50,00%
		Muller	5,00	5,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%
		Total	15,00	10,0	5,0	66,67%	50,00%	33,33%
M184212	Series de tempo	Muller	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
M184301	Contrastes de especificación	Home	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184302	Aprendizaxe estatístico	Home	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Muller	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	20,00	20,0	20,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184304	Enxeñaría financeira	Home	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184305	Xogos cooperativos	Home	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Muller	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184306		Home	10,00	10,0	10,0	100,00%	100,00%	100,00%

	Modelos interactivos da investigación operativa	Muller	5,00	5,0	5,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
M184307	Técnicas de remostraxe	Home	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
		Total	15,00	15,0	10,0	100,00%	66,67%	66,67%
M184308	Traballo Fin de Mestrado	Home	150,00	90,0	90,0	60,00%	100,00%	60,00%
		Muller	15,00	15,0	15,0	100,00%	100,00%	100,00%
		Total	165,00	105,0	105,0	63,64%	100,00%	63,64%

Cualificación por materia. Curso 2022-2023. Alumnos da UVigo

		Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias
		Non Presentado	Suspensos	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra
		..	F	C	B	A	A+
M184101	Análise exploratoria de datos		2		1	1	1
M184102	Inferencia estatística	1	1		3		1
M184103	Modelos de probabilidade	1			2	1	1
M184104	Programación lineal e enteira	1	1		2	1	1
M184105	Modelos de regresión	1	1	2	2		
M184106	Métodos non paramétricos	2	1	4			
M184107	Tecnoloxías de xestión de datos				1		
M184111	Regresión xeneralizada e modelos mixtos		1				
M184201	Análise multivariante	1		1	3		
M184202	Optimización aplicada	1		2			
M184203	Control estatístico da calidade					3	
M184204	Estatística espacial		1		2		

M184205	Regresión non paramétrica e semiparamétrica	1			1		
M184206	Análise de supervivencia	1		1			
M184208	Mostraxe		1		1	1	1
M184209	Procesos estocásticos	1	1		1		
M184210	Redes e planificación		1		2		
M184211	Simulación estatística	1	1		1		
M184212	Serie de tempo	1	1		2		
M184301	Contrastes de especificación				2	1	
M184302	Aprendizaxe estatístico				3	1	
M184304	Enxeñaría financeira				3		
M184305	Xogos cooperativos				2	1	
M184306	Modelos interactivos da investigación operativa				2	1	
M184307	Técnicas de remostraxe		1	1	1		
M184308	Traballo Fin de Mestrado	4		1	4	2	

NOTA MEDIA DE ACCESO Á TITULACIÓN:

Estudio Acceso	Sexo	Nº de ingresos	Nota media acceso	Nota media acceso <Sin Sexo><TS>
Estudios realizados no estranxeiro	Muller	1		
Graduado en Administración e Dirección de Empresas	Muller	1	8,953	8,953
Graduado en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Home	1	7,373	7,373
Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (Especialidade Economía Industrial)	Home	1	6,021	6,021

CATEGORÍA PROFESORADO: QUINQUENIOS Y SEXENIOS

Categoría Laboral	S/N Doctor	N	N	N	S	S	S	Total
	Sexo	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
	S/N Extranjero	Nº profesorado						
Catedrático/a de universidade	N				3		3	3
Profesor/a titular de universidade	N				2	4	6	6
Profesor/a contratado/a doutor/a	N				1		1	1
Catedrático/a de escola univer.	N					2	2	2
Profesor/a axudante doutor/a	N					1	1	1

Categoría Laboral	Curso Académico	Nº Quinquenios	Nº Quinquenios	Nº Quinquenios
		Home	Muller	Total
Catedrático/a de universidade	2022/2023	15		15
Profesor/a titular de universidade	2022/2023	8	16	24
Profesor/a contratado/a doutor/a	2022/2023	5		5
Catedrático/a de escola univer.	2022/2023		12	12
Profesor/a axudante doutor/a	2022/2023		1	1

Categoría Laboral	Nº sexenios	Nº sexenios	Nº sexenios	Nº sexenios potenciales	Nº sexenios potenciales	Nº sexenios potenciales
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Catedrático/a de universidade	12		12	12		12
Profesor/a titular de universidade	5	11	16	5	12	17
Profesor/a contratado/a doutor/a	1		1	3		3
Catedrático/a de escola univ.		6	6		7	7

PORCENTAJE DE HORAS DE DOCENCIA NA TITULACIÓN POR CATEGORÍA:

Categoría Laboral	% horas de docencia na titulación
Catedrático/a de universidade	22,56%
Profesor/a titular de universidade	52,38%
Profesor/a contratado/a doutor/a	6,27%
Catedrático/a de escola univ.	12,53%
Profesor/a axudante doutor/a	6,27%

III.2.4.- Seguimento da titulación

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. Demanda e oferta:

Consideramos que o Mestrado en Técnicas Estatísticas (MTE no que segue) mantén a súa relevancia tal como mostran os números de matrícula do curso 2022/2023 que se amosan na seguinte táboa (Fonte: Elaboración propia)

Prazas ofertadas (IN01M-PC-05, 25 por universidade),
matrícula de inicio de estudos (IN04M-PC-05).

	UDC	USC	UVigo	Total
2018-2019	7	21	1	29
2019-2020	12	21	2	35
2020-2021	16	26	6	48
2021-2022	14	27	12	53
2022-2023	14	24	5	43

Na UDC o número de estudantes de novo ingreso viuse incrementado a partir do curso académico 2016/2017 grazas a existencia recente dun convenio de mobilidade coa República Dominicana, que permitiu a incorporación de estudantes de ese país. O convenio continua vixente pero, como era de esperar, a incorporación nos cursos sucesivos de alumnos é máis reducida. A matrícula na Universidade de Vigo estivo dous anos por debaixo dos valores dos anos anteriores recuperando os seus índices de matrícula previos no curso 2020-2021 e baixando novamente no 2022-2023. Prevese un repunte nos vindeiros cursos.

Dada esta redución de matrícula na UVigo nos últimos anos, fíxose un esforzo importante de divulgación do MTE entre os alumnos desta universidade. Sen embargo, vemos complicado aumentar a matrícula na UVigo. Un dos motivos é que na UVigo non se permite convalidar materias de mestrado con materias de grao que deran acceso a dito mestrado. Na nosa opinión isto é correcto, sen embargo as outras universidades participantes neste mestrado (USC e UDC) si que permiten dita convalidación. Este feito fai que moitos alumnos decídanse finalmente matricular nalgunha das outras dúas universidades.

Temos que salientar os datos de matrícula dos cursos 2020-2021 e 2021-2022 onde se observa un récord de matriculados. A actualización dos contidos do mestrado e a súa adecuación ás demandas dende o ámbito profesional parece ser un motivo de peso no incremento do número de estudantes interesados en cursar estes estudos.

1.2. Desenvolvemento do plan de estudos:

A oferta de materias correspóndese co establecido na memoria de verificación. A memoria pódese atopar na web do mestrado no enlace:

<http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/presentacion>.

As guías das materias desenvólvense seguindo esta memoria, e unha vez aprobadas

pola comisión de Título, son subidas á web do mestrado. Están dispoñibles de forma pública no seguinte enderezo web <http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/programa-de-materias>.

Os sistemas de avaliación correspóndense no establecido na memoria de verificación, tal como se pode comprobar nas distintas guías. A comisión académica verifica as guías remitidas polos docentes e comproba que os sistemas de avaliación están incluídos. Ademais, cada guía docente dunha materia consta co correspondente apartado de competencias. Estas competencias están vinculadas á da memoria de verificación do título. Existe un apartado dentro dos métodos de avaliación onde se detalla de forma precisa como se avalían ditas competencias. As guías tamén contan cunha sección dedicada a descrición da metodoloxía docente que permite a adquisición das competencias de cada materia.

En canto ao tamaño dos grupos, consideramos que, en xeral, son axeitados para as actividades formativas desenvolvidas. O tamaño dos grupos en cada unha das materias está dispoñible na web do mestrado <http://eamo.usc.es/pub/mte/index.php/es/alumnos-matriculados/por-materia>.

Neste sentido o cambio de plan de estudos permitiu facer un cambio na oferta de obrigatorias, de forma que non se concentrasen todos os estudantes nun reducido número de materias obrigatorias.

Queremos tamén destacar a existencia dun número elevado (máis de 50) de estudantes matriculados no seu Traballo Fin de Máster (TFM). Este número excede considerablemente o número de matriculados de novo ingreso. É posible que moitos estudantes retrasen a defensa do seu TFM por atoparse xa traballando (ver apartado de inserción laboral).

En relación á mobilidade de estudantes, non tivemos ningún estudante nin saínte nin entrante durante o curso 2022-2023. É necesario reflexionar sobre que cuestións poden influír na baixa demanda de mobilidade no mestrado. É posible que a propia estrutura dos estudos, dun ano e medio de duración inflúa ao respecto. Posiblemente a oferta de convenios de prácticas en empresas no exterior melloraría a mobilidade dos estudantes, pero a súa implantación efectiva é complicada xa que é difícil compatibilizar os estudos de mestrado coa realización dunhas prácticas fora.

1.3. Mecanismos de coordinación

A coordinación docente faise en varios niveis. O primeiro nivel é a nivel materia, coa existencia dun coordinador de materia. Isto é importante, xa que facilita a coordinación entre as distintas materias ao existir un interlocutor claro para a

coordinación. Os coordinadores de materia están sinalados nas guías das materias, e pódense consultar na web do mestrado. Tanto o profesorado como o alumnado está satisfeito con este sistema de coordinación tal como mostran as enquisas de satisfacción docente. No curso 2022-2023, os docentes do MTE responden á pregunta “A coordinación entre os profesores da materia foi efectiva” cunha puntuación de 4.07 puntos nunha escala de 1 a 5 puntos. Os estudantes responderon á pregunta “Coordináronse axeitadamente as actividades previstas na materia” cunha puntuación media de 5.87 puntos nunha escala de 1 a 7. Esta información pode consultarse na web do mestrado, xa que no apartado de docencia existe unha sección dedicada a Enquisas.

A nivel horizontal existen dous niveles de coordinación. O primeiro é a comisión permanente do mestrado, formada polos tres coordinadores do mestrado, un por cada universidade participante. O regulamento desta comisión foi aprobado na Comisión de Título do 17 de decembro de 2014 e actualizado na Comisión de Título do 8 de outubro de 2020 ([normativa](#)), e actúa como comisión delegada dela, nos asuntos establecidos especificamente, así como nas cuestións de trámite. Debe de informar dos acordos na primeira comisión académica ordinaria a celebrar. É aquí onde se resolven cuestións sobre a colaboración con empresas externas, cuestións relativas aos horarios, ou o mantemento da aula, e a súa dispoñibilidade para actividades complementarias. A comisión permanente réunese periodicamente, e aborda as cuestións que requiren unha coordinación interuniversitaria.

Cada coordinador local resolve as cuestións relativas ao funcionamento do mestrado tanto na súa universidade, como globalmente. O coordinador local réunese cos profesores do seu campus e sirve de enlace coa comisión permanente onde se dirimen as cuestións de coordinación horizontal máis urxentes.

Existe outro nivel de coordinación horizontal que é a comisión académica, ou comisión de título, que vela polo desenvolvemento do plan de estudos conforme ao especificado na memoria de título. É a responsable de evitar baleiros ou duplicidades no plan de estudos, e de promover a reforma ou extinción do propio título.

A coordinación xeral do MTE recae na Universidade de Santiago de Compostela (USC), concretamente, no profesor Julio González Díaz. Á súa vez, existe un coordinador en cada unha das outras dúas universidades que imparten devandito mestrado, sendo a profesora Leticia Lorenzo Picado a coordinadora da Universidade de Vigo e a profesora Luisa Carpenente coordinadora da Universidade da Coruña. A información completa dos membros das devanditas comisións, así como o Regulamento de Réxime Interno da CAM atópase dispoñible na páxina web do MTE:

<http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/organos-de-gobierno>

En particular, a Comisión Académica local da UVigo durante o curso 2022-2023 está composta por los seguintes membros:

- Presidenta: Leticia Lorenzo Picado
- Secretaria: María Gómez Rúa
- Vocal 1: Gustavo Bergantiños Cid
- Vocal 2: M^a Carmen Iglesias Pérez
- Vocal 3: Jacobo de Uña Álvarez
- Vocal 4: Tomás Cotos Yáñez

Como xa se dixo previamente, ditas comisións encárganse de xestionar e debater todos os temas relacionados coa organización docente (admisión a trámite de alumnos, designación de titores para TFM, horarios, asignación de materias a profesores...).

1.4. Criterios de admisión-perfil de ingreso

O perfil de ingreso do alumnado, está aberto a titulados universitarios de calquera área. Isto é fundamental, dada a interdisciplinabilidade das ferramentas estatísticas e da investigación operativa. Por iso o MTE recibe demanda de titulados de ámbitos moi diversos. O MTE ten recibido ao longo dos cursos, nos que estivo implantado, alumnado da Licenciatura/Grao en Matemáticas, Bioloxía, Socioloxía, Químicas, Ciencias Políticas, Economía, Administración e Dirección de Empresas, de distintas enxeñarías (informática, de montes, telecomunicacións) e da rama biosanitaria (Licenciatura en Farmacia), ademais de alumnado extracomunitario, que nalgúns casos proviña cun título de mestrado do seu país de orixe.

Titulacións de procedencia dos estudantes de inicio de estudos no curso 2022-2023.

	Título	Total
Grao	Bioloxía ou sector biomédico	1
Grao	Economía/Empresariais	8
Grao	Física	1
Grao	Matemáticas	20
Grao	Psicoloxía, Políticas, Pedagogía, Socioloxía	5
Grao	Enxeñería	2
Grao	Estatística	2
Outras	Titulacións	4

Como xa vai sendo habitual dende a modificación da memoria do MAiE, o traballo pódese abordar a través de dous enfoques diferentes. Esta dobre orientación foi establecida pola Comisión Académica do Máster, na súa reunión ordinaria do 10 de setembro de 2013, seguindo as recomendacións do informe final de verificación do título de data 29/07/2013 para "establecer prácticas profesionais no Máster" especificando a opción de que o alumno elixa entre realizar un "TFM académico" ou un "TFM práctico". Na primeira o alumnado pode optar por presentar unha proposta para a creación ou desenvolvemento dunha empresa socialmente responsable ou calquera outro proxecto relacionado coas competencias do Máster, mentres que a segunda opción contempla a elaboración dun traballo baseado nas prácticas extra-curriculares realizadas polo estudante.

Como xa aconteceu nos cursos anteriores, no curso 2022-2023 a maioría do alumnado, un total de 17 alumnos/as, optaron pola realización dun TFM práctico.

Como consecuencia das decisións tomadas e do traballo realizado polo alumnado todos os alumnos que estiveron en condicións de presentar o seu TFM o fixeron. Así un total de 19 estudantes defenderon o seu TFM diante dos tribunais colexiados designados pola CAM nos meses de xuño (13 TFM) e xullo (6 TFM). Os Traballos Fin de Máster presentados no curso 2022-2023 son os que se recollen na seguinte táboa:

Alumno	Título	Titor
Cacabelos Vidal, Alejandro	PROPUESTA DE MEJORA EN PROCESOS DE COMPRA Y VENTA DE EMPRESAS DESDE EL PUNTO DE VISTA DE LA RSC	Velando Rodríguez, María Elena
Cardenal Fernández, Manuel	LOS CRÉDITOS DE CARBONO	Otero Neira, M ^a Carmen
Costa Pesce, Agustina	PROPUESTA DE MEJORA EN LA METODOLOGÍA APLICADA DE LA	Lampón Caride, Jesús

	IMPLEMENTACIÓN DE UN ERP (ENTERPRISE RESOURCE PLANNING) ENFOCADA HACIA EL MANIFIESTO ÁGIL Y GESTIÓN DE LA CALIDAD TOTAL EN LA EMPRESA IMATIA	
Costa Pesce, Santiago Nahuel	A NÁLISIS DEL ROL DEL EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS EN LA GESTIÓN DEL CUMPLIMIENTO NORMATIVO, NORMATIVA INTERNA Y DE AUTORREGULACIÓN EN UNA EMPRESA DE SERVICIOS TECNOLÓGICOS	Lampón Caride, Jesús
Davalos Cayllahua, Milagros	ANÁLISIS Y MEJORAS DE LOS PROCESOS EN EL DPTO. CALIDAD DE UNA EMPRESA DE SERVICIOS DE RECURSOS HUMANOS	Fernández González, Arturo José
Fernandez Perasso, Rocio Mariana	GASÓLEO SOSTENIBLE, IMPACTO SOSTENIDO: LA RESPONSABILIDAD SOCIAL EMPRESARIAL EN CODISOIL S.A.	Rodríguez Daponte, Rocío
Galli Suárez, Ariana	INCORPORACIÓN DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDAD SOCIAL EMPRESARIAL INTERNA EN LA FE PREVISORA COMPAÑÍA DE SEGUROS, S.A.	Rodríguez Daponte, Rocío
García Rodríguez, Mary Elena	IMPLANTACIÓN DEL SISTEMA DE CERTIFICACIÓN DE PRODUCTO DEL CONSELLO REGULADOR DOP MEXILLÓN DE GALICIA Y SU ACREDITACIÓN POR ENAC	Fernández González, Arturo José
Ghio Ugarte, Georgina	EL PACTO MUNDIAL COMO PILAR PARA IMPLANTAR UN PLAN DE RSC EN CAORDIC	Rodríguez Daponte, Rocío
Godón Danza, Pablo	ANÁLISE SUSTENTABLE DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA - GRADIANT	Ferro Soto, Carlos
González Gores, Gonzalo	INTERRELACIONES SECTORIALES EN LA ECONOMÍA AZUL DE GALICIA	Otero Neira, M ^a Carmen
Mallon Flor, Rocio Tamara	LA FUNCIÓN DE RECURSOS HUMANOS COMO ALIADO EN LA APLICACIÓN DEL MÉTODO KAIZEN EN BENETELER AUTOMOTIVE VIGO	Velando Rodríguez, María Elena
Molina Altuve, Kendy	ANÁLISIS Y PROPUESTA DE MEJORAS DE LOS PROCESOS DEL DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN Y FINANZAS DE ADEGAS TERRAE S. L.	Sinde Cantorna, Ana
Navarrete Álvarez, Javiera	DESARROLLO DE LA IDENTIDAD E IMAGEN CORPORATIVA DE ERRECÉ LÁSER S.L Y SU RELACIÓN CON LA RESPONSABILIDAD SOCIAL CORPORATIVA	Dopico Parada, Ana
Ortiz Hernández, Samuel Enrique	ANÁLISIS FINANCIERO DE LA EMPRESA, BASADO EN EL MODELADO DE LOS DATOS	Sinde Cantorna, Ana

	Y PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DE POWER BI	
Pantín Maurín, María Carolina	INVENTARIO DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDAD SOCIAL EMPRESARIAL INTERNA	Dieguez Castrillón, Isabel
Rodríguez Lescano, Ignacio	PLAN DE NEGOCIO ORIENTADO EN EL DESARROLLO DE PRÁCTICAS SOSTENIBLES EN HOTEL INTERSUR SUITES	Comesaña Benavides, Fernando
Sueiro Pou, María Belén	PLAN DE MARKETING PARA SANOFI ESPAÑA	Lopez Miguens, M ^a Jesús
Triñanes Perretta, Camila	DISEÑO, DESARROLLO E IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS INTEGRADOS DE GESTIÓN DE CALIDAD Y MEDIO AMBIENTE: LA NORMALIZACIÓN COMO HERRAMIENTA DE GENERACIÓN DE VALOR SOSTENIBLE EN EL SECTOR DE LA FORMACIÓN EDUCATIVA GALLEGA.	Ferro Soto, Carlos

1.5. Grao de satisfacción coa organización e desenvolvemento

No que se atinxe ós resultados das enquisas de satisfacción dos grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento das ensinanzas, recollidos nos indicadores I4/105-DO/106-DO/107-DO/108-DO, pódese afirmar que son moderadamente positivos e acordes ós obxectivos expostos. Así, a satisfacción dos estudantes segundo os datos da enquisa oficial de satisfacción da Universidade de Vigo con este aspecto do Máster foi de 3,25 sobre 5; mentres que o dato da satisfacción das persoas tituladas foi de 3,45, superiores ós dos anos precedentes. O grao de satisfacción do profesorado do MAiE foi de 4,82, unha puntuación alta e similar ó dato neste apartado no curso precedente no que se dispón de información. A continuación, analízase de maneira máis detallada os resultados acadados neste criterio por cada un dos grupos de interese.

Grao de satisfacción do alumnado e dos empregadores

O grao de satisfacción do alumnado coa organización e desenvolvemento (bloque 1) é de 3,25 sobre un máximo de 5 puntos; superior ao obtido no curso 2021-2022 (3,21). Aínda que hai que ter en conta que estes resultados son pouco significativas xa que só participou nestas enquisas un 4% do alumnado. A puntuación mellora na opinión das persoas tituladas (3,84 sobre 5), aínda que a participación é dun 11%, tamén é baixa e pouco significativa.

O grao de satisfacción dos empregadores coa organización e desenvolvemento é de 3,83 sobre un máximo de 5 puntos. Este resultado, moi similar ao obtido dos egresados do MAiE, pode considerarse bo e neste caso a porcentaxe de participación deste colectivo sitúase no 40%.

Evidencias nas que se basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de intereses sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1. Páxina WEB do MAiE

O Máster ofrece información detallada ós alumnos e a tódolos interesados a través da súa páxina web de maneira visual e sinxela: <http://maier.sc.webs.uvigo.es>

Nos cursos precedentes modificouse a estrutura da web do MAiE buscando simplificar a navegación e incluíndo un apartado dedicado especificamente á matrícula e ampliando a información dispoñible neste e noutros apartados da web. O resultado é que a web do MAiE estruturase en torno a 6 apartados: Presentación, Docencia, Calidade, Matrícula, Novidades e Contacto. A web conta cunha páxina web na que se reciben a meirande parte dos accesos e mostra os vínculos a cada un destes seis grandes apartados nos que se estruturou. A descrición dos seis apartados da web do MAiE e os seus principais contidos móstrase a continuación:

Presentación. Esta páxina web pretende dar a coñecer información básica do MAiE e está estruturada en torno ós seguintes bloques temáticos:

- *Qué es MAiE...*
- *Objetivos...*
- *Puntos Fuertes...*
- *Destinatarios...*
- *Perfil de Acceso...*
- *Requisitos de Ingreso...*

Docencia. Páxina web que busca informar ós visitantes acerca dos contidos docentes do MAiE e que esta estruturada en torno ós seguintes bloques temáticos:

- *Comisión Académica...*

- Plan de Estudios...
- Personal Docente...
- Metodoloxía Docente...
- Calendario y Horarios...
- Prácticas...
- Entidades Colaboradoras...

Matrícula. A inclusión desta páxina web é a razón fundamental desta nova estrutura da web do MAiE. Esta páxina web busca concentrar a información que se ofrece ós visitantes que desexan matricularse no MAiE e está estruturada en torno ós seguintes bloques temáticos:

- Preinscripción y Matrícula...
- Calendario...
- Documentación...
- Proceso de Matrícula...
- Criterios de Admisión...
- Precio...
- Becas...

Calidade. Está páxina web que se materializou o 31 de setembro de 2021 mostra os informes de acreditación e seguimento do Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas y Responsabilidad Social Corporativa, así como os informes de resultados e os planos de melloras postos en marcha nos derradeiros anos. Tamén se inclúe información sobre o sistema de queixas, suxerencias e parabéns e acceso o SGIC do centro.

Antigos Alumnos. Apartado que recolle as experiencias vividas por estudantes de cursos precedentes do MAiE, que se materializou a finais do mes de abril de 2022 coa publicación da primeira experiencia.

Novidades. Nesta páxina web, que está en continua actualización, se recollen as últimas novidades relevantes do MAiE. O longo do período docente se centra en informar de aspectos relevantes que teñen lugar no curso e ofrece o calendario docente actualizado. En períodos de preinscripción e matrícula os seus contidos se enfocan en mostrar as etapas e novidades que xorden no mesmo.

Contacto. Está páxina web mostra a ubicación en Google Maps da sede do Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas y Responsabilidad Social Corporativa e un formulario para facilitar o contacto coa coordinación do MAiE.

2.2. Grao de satisfacción

O traballo realizado nos cursos precedentes na web do MAiE parece que deu bo resultado, xa que a enquisa de satisfacción do alumnado feita de maneira oficial pola Universidade de Vigo para tódalas titulacións mostra en relación coa información e transparencia do MAiE (bloque 2) un resultado de 3 sobre 5, dato que non mellora ó do curso precedente (3,43). Hai que subliñar que nestes dous derradeiros cursos académicos o papel que tiña a web do MAiE na transmisión de información actualizada aos estudantes do MAiE perdeu protagonismo a favor do Espazo de Coordinación do Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa na plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo (MooVi), que é o medio que se está a empregar para a transmisión de noticias sobre o desenvolvemento das distintas actividades que se realizan ao longo do curso.

A valoración por parte das persoas tituladas e profesorado é bastante mellor, obtendo un 4,5 e un 4,81 sobre 5, respectivamente. Valoración que consideramos moi boa e que sitúa a este aspecto como a mellor puntuada no MAiE, xunto a valoración por estes colectivos do sistema de garantía de calidade.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1-DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

3.1. O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas

A nivel de centro, segundo os RD 1393/2007 e RD 861/2010 polos que se ordenan as ensinanzas universitarias oficiais en España, todos os títulos que se imparten na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais intégranse nun Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) e participan nos programas de verificación, acreditación e seguimento de títulos.

A información asociada ao SGC está dispoñible na páxina principal da web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: <http://fccee.uvigo.es/es/>

- Política e obxectivos de calidade:
<http://fccee.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/02/Objetivos-Calidad-y-metas-a-26022020-act.pdf>
- Manual:
<http://fccee.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/02/Manual-de-Calidad-fcee-2015-actualizado.pdf>

A xestión de evidencias e rexistros lévase a cabo mediante unha aplicación dedicada ó Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

Nesa aplicación recóllese as Evidencias do SGIC e se indican as Alertas de Rexistros de Evidencias de Titulación a aportar por cada unha das titulacións ó sistema.

3.2. A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título

O SGC permite identificar os resultados obtidos polo MAiE á vez que se analiza a súa “posición” fronte ós obxectivos de calidade establecidos. A Comisión Académica do Máster analiza estes resultados e diseña accións de cara á mellora daqueles resultados que non se consideran satisfactorios. Accións de mellora que recollen as actuacións a levar a cabo e que se poñen en marcha co obxecto de acadar solucións

ós problemas detectados.

A participación, a través do coordinador do MAiE, nas distintas reunións da Comisión de Calidade do Centro, órgano que a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten en funcionamento no marco do SGIC, permite analizar os principais resultados de todas as titulacións e se levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo ós procedementos establecidos. Tamén permiten ó MAiE intervir nos debates e nas análises vencellados ós distintos rexistros do SGIC que se producen no centro e, na medida, do posible aportar a visión dos responsables do MAiE á Comisión de Calidade do Centro.

3.3. O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC foi revisado e actualizado con posterioridade a súa implantación. É a Área de Calidade da Universidade de Vigo a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos “marco”. Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociados ao SGIC, que son validados, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola Dirección que prepararan anualmente os responsables das titulacións. Neste curso académico fíxose un traballo especial centrado na colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de cara a conseguir a acreditación do SGIC.

3.4. Grao de satisfacción

Os resultados acadados na enquisa de satisfacción realizada ó **alumnado do MAiE** sobre o sistema de garantía de calidade (bloque 3), mellora o resultado (2,5 sobre 5) en relación co curso de referencia (3,25), aínda que hai que recordar que este resultado non é significativo.

Na enquisa de satisfacción dos **alumnos egresados** no curso 2021-2022 foi de 4,67 moi superior ó resultado acadado no curso 2020-2021, que foi de 3,80 (en ámbolos dous casos a valoración establécese sobre 5) e moi por riba da que viñan outorgando en cursos precedentes. Entendemos que a mellora acadada no grao de satisfacción ten que ver coa información transmitida sobre o sistema de garantía de calidade do MAiE coa inclusión dun apartado específico enfocado a recoller na web do MAiE

algúns aspectos do sistema de calidade e coa información transmitida ós estudantes sobre o SGIC nas diferentes reunións mantidas con eles.

A valoración que obtén o MAiE neste criterio por parte do profesorado tamén se pode considerar moi boa (4,79 sobre 5).

3.5. QSP

Non se recibiu ningunha queixa nin suxestión a través deste sistema durante o curso 2022-2023. Como xa se comentou noutras ocasións, os mecanismos establecidos polo MAiE, co seguimento continuado do alumnado para coñecer como se está a desenvolver o curso fai que os alumnos opten por comentar todas as cuestións que podan xurdir directamente á coordinación do MAiE.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.1. Profesorado do MAiE

O conxunto das materias do MAiE foron impartidas por profesorado académico da Universidade de Vigo. O profesorado encargado da impartición das asignaturas que conforman o plano de estudos do MAiE foi seleccionado pola Comisión Académica do Máster atendendo a principios de mérito, capacidade e experiencia. O profesorado que participa no MAiE ten o nivel de cualificación esixido para a impartición do mesmo, tanto docente como investigador. Na web do mesmo se ofrece información sobre o profesorado de cada materia (<http://maiersc.webs.uvigo.es/docencia.php#sec4>), e se facilita unha breve reseña curricular de cada un, na que se inclúe, entre outros, a súa categoría académica, o tipo de vinculación coa Universidade de Vigo, as súas principais liñas de investigación e a súa experiencia docente (http://maiersc.webs.uvigo.es/docs/CV_PROFESORES.pdf).

Hai que subliñar a estabilidade do profesorado do MAiE neste últimos anos. No curso académico que nos ocupa non houbo cambios no profesorado do Máster en relación ao curso precedente. O indicador I03(2)-PE facilita o profesorado por categoría. A continuación se recolle esta información para os 5 últimos cursos.

	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19	2017-18
Catedrático/a de Universidade	9,09%	5,56%	5,56%	11,11%	8,82%	8,22%
Profesor/a Titular de Universidade	27,27%	22,22%	22,22%	22,22%	34,56%	36,30%
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	50,00%	61,11%	61,11%	61,11%	55,15%	51,37%
Catedrático/a de Escola Universitaria	4,54%	5,56%	5,56%	5,56%	1,47%	
Profesor/a asociado/a T3	9,09%	5,56%	5,56%			
Non Aplicable						4,11%

A case totalidade do profesorado do MAiE neste curso académico é doutor (só hai un profesor coa categoría de asociado que aínda non acadou o seu doutoramento) e, do total de profesores do MAiE, 6 teñen algún sexenio. A distribución dos sexenios por categoría de profesorado é a seguinte:

Número de sexenios do PDI do MAiE no curso 2022-2023						
Catedrático/a de Universidade	Profesor/a Titular de Universidade	Catedrático/a de Escola Universitaria	Profesor/a Titular de Escola Universitaria	Profesor/a Contratado/a Doutor/a	Titular de Universidade Praza Vinculada	Total
2	3	3	-	0	-	8

O indicador I03-PE mostra resultado de investigación de carácter académico (sexenios), onde se pode observar unha melloría progresiva nos últimos anos.

	Con Sexenios	Total	% Sexenios por categoría
Catedrático/a de universidade	2	2	85,71%
Profesor/a titular de universidade	3	6	38,88%
Profesor/a contratado/a doutor/a	3	11	6,45%
Catedrático/a de escola univer.		1	0,00%
Total	8	20	

O número de sexenios cos que conta o profesorado do MAiE non é moi elevado, pero hai que considerar que o perfil co que se oferta o Máster non é investigador, senón que o MAiE está orientado máis pensando no futuro profesional dos estudantes.

4.2. Grao de satisfacción

Os recursos humanos (bloque 4) tamén son valorados satisfactoriamente polo alumnado do MAiE cunha puntuación de 4,00 sobre 5. Os resultados acadados son iguais aos obtidos no curso anterior tamén que a dos cursos precedentes. A valoración acadada entre as persoas tituladas e o profesorado tamén é moi boa, obtendo neste criterio unha puntuación de 4,25 e 4,48, respectivamente.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

5.1. Recursos Materiais e Servizos

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais pon a disposición do alumnado do MAiE un aula seminario (Aula-Seminario 8) adecuada para a impartición das clases do Máster. Nos anos de impartición do MAiE, soamente se traballa cun único grupo de docencia teórica e un grupo practico.

A Universidade de Vigo pon a disposición do alumnado os seus fondos bibliográficos

a través da biblioteca da Facultade de Ciencias de Económicas e Empresariais e do resto das bibliotecas da Universidade. Os fondos bibliográficos dispoñibles poden ser consultados na súa páxina web (www.biblioteca.uvigo.es).

O profesorado do MAiE utiliza a plataforma MooVi para facilitar o seguimento das materias e o intercambio de información cós alumnos (avisos, subministro de materias de estudo, cualificacións, etc.). Para a realización dalgunha actividade tamén se emprega o campus remoto da Universidade de Vigo, que facilita aulas e despachos virtuais que se poden empregar dende distintas localizacións físicas e de maneira síncrona.

5.2. Grao de satisfacción

Segundo os resultados da enquisa de satisfacción, o alumnado puntúa os recursos materiais e servizos cun 3,75 e os alumnos egresados cun 4 (curso 2020-2021). Resultados mellores no caso do estudantes e un pouco peores que os do curso anterior para os titulados, que foi de 3,41 e 4,29 (curso 2020-2021). Non obstante, hai que indicar que os resultados son satisfactorios.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

6.1. Análise das materias nos distintos cursos da Titulación

Os indicadores de resultados globais do MAiE son salientables e están en liña cós de cursos precedentes, tal como se pode comprobar nos seguintes datos:

	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19	2017-18
Taxa de rendemento	90%	90%	87%	80%	98%	94%
Taxa de abandono	0%	18,18%	6,25%	10%	9,09%	0%
Taxa de eficiencia	100%	100%	98%	100%	100%	98%
Taxa de graduación	90%	81,82%	81,82%	93,75%	90%	100%
Taxa de éxito	100%	100%	100%	99%	100%	99%

Se se fai unha análise dos datos medios das taxas de rendemento (100%), éxito (90%) e avaliación (90%) se comproba que os datos tamén son bos. Ademais, como se pode comprobar na seguinte táboa, as taxas de rendemento, éxito e avaliación por materia amosan resultados moi homoxéneos.

Materia		Taxa Éxito	Taxa Rendemento	Taxa Avaliación
M134101	A Responsabilidade Social na Empresa	90,91%	100%	90,91%
M134102	Xestión Ética	90,91%	100%	90,91%
M134103	Dirección Estratéxica	90,91%	100%	90,91%
M134104	RSC e Marketing	90,91%	100%	90,91%
M134105	Marketing Responsable	90,91%	81,00%	90,91%
M134106	Información e Comunicación da RSC	90,91%	100%	90,91%
M134107	Fundamentos de Responsabilidade Social Empresarial Interna (Concepto + Elementos)	90,91%	100%	90,91%

M134108	Implantación e Temas Avanzados de Responsabilidade Social Empresarial Interna	90,91%	100%	90,91%
M134201	Xestión da Calidade Total	90,91%	100%	90,91%
M134203	Inversión e Financiación Socialmente con Criterios de Sostibilidade	90,91%	100%	90,91%
M134204	Contabilidade Social	90,91%	100%	90,91%
M134206	Traballo Fin de Máster	90,91%	100%	90,91%
M134207	Sistemas Normalizados de Xestión: Calidade, Medioambiente, Seguridade e Saúde no Traballo	90,91%	100%	90,91%
		90,91%	100%	90,91%

Neste curso detectamos novamente dous casos de alumnos que se matricularon no MAiE e que decidiron non asistir as clases, nin presentarse ós exames. Alumnado que non responde aos intentos de comunicación que se establecen dende a Coordinación do MAiE e a Área Académica da Universidade.

6.2. Resultados das enquisas de satisfacción

Os resultados de aprendizaxe (bloque 6) é o criterio que non está ben valorado polos estudantes do MAiE. Aínda que están valorados satisfactoriamente (3 sobre 5), obtendo un resultado inferior ó acadado no curso 2021-2022 (3,36).

De cara a establecer o conxunto de actuacións a desenvolver para mellorar os resultados deste criterio contamos coa información recollida a través das enquisas propias do MAiE e o informe dos resultados das enquisas de satisfacción que tódolos anos elabora a coordinación do MAiE. Esta información é analizada e debate na Comisión Académica do Master, e posteriormente son transmitidas ós profesores que imparten docencia no MAiE.

Neste curso nas enquisas propias do MAiE para avaliar a satisfacción do alumnado detectouse que é necesario:

- Manter o enfoque práctico dos contidos.
- Programar un maior número de actividades externas relacionadas cos contidos das materias (obradoiros, charlas e conferencias para persoal da empresa, etc.), xa que gustan ós estudantes e as valoran moi positivamente.
- Celebración dun Acto de Graduación por parte dos estudantes ó final do curso, xa que non é posible participar nos actos que realiza a Facultade de

Ciencias Económicas e Empresariais.
- Cambio no enfoque da materia Contabilidade Social

Como se indicou anteriormente, estes aspectos, ademais doutras suxestións, foron analizados pola Comisión Académica do Máster, e remitidos aos profesores do MAiE para que teñan en conta as cuestións que están da súa man para que poñan en marcha medidas que lles permitan atender estas necesidades.

Antes de rematar este apartado, convén facer referencia a outro dos aspectos que adoita preocupar ao alumnado do MAiE, como é a elaboración do TFM. Por iso, nos Plans de Coordinación Docente e de Satisfacción do Alumnado do MAiE, como tamén ven sendo habitual nos últimos anos, contéplase que, unha vez rematados os actos de defensa do TFM en cada convocatoria, se celebren reunións dos Tribunais encargados de xulgar os TFM para elevar posibles suxestións relacionadas co TFM e a súa defensa. Como xa ven sendo habitual no MAiE, a coordinación do MAiE celebrou antes da sesión de presentación do curso 2022-2023 unha reunión co profesorado e titores de TFM para articular a información que se lles vai transmitir ao alumnado nas sesións de preparación do TFM e, polo tanto, as pautas para a súa elaboración. Nesa xuntanza, ademais das Directrices para a Elaboración do Traballo Fin de Máster pola Comisión Académica do Máster, tamén se lles transmite o profesorado a información recollida nas reunións dos Tribunais de TFM.

Os resultados desta reunión permitiron mellorar o documento e os contidos que se presentaron ó alumnado na sesión lectiva sobre a Elaboración do TFM, e que, ao igual que no curso anterior, son remitidos ao profesorado do MAiE para que os teñan en conta nas tarefas de dirección dos TFM do alumnado que titoricen.

6.3. Satisfacción coas prácticas extra-curriculares

Ademais dos recursos que a Universidade pon a disposición do MAiE, o Máster ven colaborando cunha serie de empresas para a realización das prácticas extra-curriculares. O resultado da colaboración do Máster coas empresas e a competencia e o bo traballo realizado polos alumnos do MAiE deu como resultado que, unha vez establecida a colaboración con estas empresas nas prácticas extra-curriculares dos alumnos do MAiE, a participación destas empresas na oferta de prácticas se repita nos anos seguintes. Esta situación tamén se presentou neste curso 2022-2023: FOROX INNOVACIÓN, GRADIANT, GRUPO NORTEMPO ETT, ICSEM SL, MIND GLOBAL BUSINESS CONSULTING, SL, aínda que se debe salienta a incorporación de empresas que colaboran por primeira vez co MAiE na oferta de prácticas. No curso 2022-2023 participaron novas empresas e se asinaron novos convenios de prácticas

con: ADEGAS TERRAE SL, BENTELER, CAORDIC, CODISOIL S.A., CONSELLO REGULADOR MEXILLÓN DE GALICIA, ERRECÉ. APLICACIONES INDUSTRIALES DEL LÁSER, SL, IDAE CONSULTORES, IMATIA INNOVATION, S.L., LA FE PREVISORA CÍA. DE SEGUROS, S.A.

Finalmente, facemos constar o resultado doutra acción de mellora que se puxo en marcha en cursos precedentes, na que se analiza a información que a FUVI recolle dos titores da empresa e dos estudantes no momento de finalización de las prácticas sobre o desenvolvemento da mesma para cada un dos alumnos que tiveron a posibilidade de realizar a súas prácticas extra-curriculares.

Na seguinte figura recóllese a valoración dada polos estudantes do MAiE ás prácticas realizadas e a dada polos titores das empresas ó traballo realizado polos estudantes do MAiE nas mesmas (puntuación máxima 5 puntos) considerando unha serie de criterios establecidos nesas enquisas. Como se pode comprobar o resultado que obteñen as prácticas extra-curriculares ofertadas polo MAiE é moi positivo (valoración media: 4,23) e resultan moi ben valoradas en cada un dos criterios avaliados tanto polos estudantes como por parte das empresas (valoración media: 4,85).

**RESULTADOS DAS PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES EN EMPRESAS/ENTIDADES
CURSO 2022-2023**

VALORACIÓN DOS/DAS ESTUDANTES	
CRITERIOS	Resp Med
Formación adquirida na práctica	9 4,22
Adecuación das tarefas ó teu perfil profesional e formación	9 4,33
Oportunidade de desenvolver as túas habilidades e coñecementos	9 4,56
Integración na empresa/entidade colaboradora	9 4,67
Seguemento e apoio da práctica polo titor/a da entidade colaboradora	9 4,56
Seguemento e apoio da práctica polo titor/a da Universidade	9 4,22
COMPETENCIAS ADQUIRIDAS OU DESENVOLVIDAS NA PRÁCTICA:	
Capacidade técnica	9 4,44
Administración dos traballos	9 4,67
Habilidades de comunicación oral e escrita	9 4,56
Creatividade	9 4,33
Iniciativa	9 4,89
Motivación	9 4,78
Traballo en equipo	9 4,78
AVALIACIÓN GLOBAL	10 4,23

VALORACIÓN DOS TITORES/AS DAS EMPRESAS/ENTIDADES

CRITERIOS

Capacidade técnica	10	4,7	
Capacidade de aprendizaxe	10	4,8	
Administración de traballos	10	4,9	
Habilidades de comunicación oral e escrita	10	4,9	
Sentido da responsabilidade	10	4,9	
Facilidade de adaptación	10	4,85	
Creatividade	10	4,6	
Iniciativa	10	4,75	
Implicación persoal	10	4,9	
Motivación	10	4,9	
Capacidade de traballo en equipo	10	4,9	
Puntualidade	10	4,9	
Asistencia	10	4,9	
Formación adquirida na práctica	10	4,7	
A formación universitaria axústase ó posto	8	4,25	

AVALIACIÓN GLOBAL

10 4,85

Puntos febles detectados:

Ausencia de Acto de Graduación organizado polo centro de adscripción

Accións de mellora a implantar:

Celebración do Acto de Graduación interno

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e

satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

6.2. Resultados das enquisas de satisfacción

Na seguinte táboa recóllese a evolución das taxas de participación na enquisa de **satisfacción do alumnado** nos últimos cursos académicos.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas y Responsabilidad Social Corporativa (MAiE)	6,25%	59,09%	46,19%	35,00%	4,00%
Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales	24,10%	30,43%	37,55%	20,14%	6,81%
Universidad de Vigo	n/d	33,69%	24,51%	21,05%	19,94%

A porcentaxe de participación do alumnado do MAiE neste curso foi do 4%, similar á porcentaxe de participación á participación media da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (6,83%), centro de adscrición da titulación, e similar ó resto de mestrados que se imparten no centro, a excepción do Master en Finanzas.

A porcentaxe de participación non é boa e, sobre todo, permite comprobar os comentarios realizados polos estudantes que indican que o número de enquisas que se realizan entre o alumnado é elevado e nos comentan que en moitas ocasións isto os leva a non contestar ás peticións de colaboración nalgunha/s destas enquisas.

Coa cautela que supón o baixo grao de respostas. O grao de satisfacción xeral do alumnado co MAiE no curso 2022-2023 foi de 3,25 sobre 5, inferior ó resultado do curso anterior, que foi de 3,36 sobre 5. Este resultado é similar á puntuación obtida nos cursos pasados, nos que o MAiE acadou unha nota similar e parecida á do resto de Mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Para analizar con máis detalle as razóns deste resultado, a seguinte táboa recolle os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado do curso 2022-2023 por bloques.

	2020-2021	2021-2022	2022-2023
Organización e desenvolvemento	3,51	3,21	3,25
Información e transparencia	3,67	3,43	3,00
Sistema de garantía de calidade	3,20	3,25	2,50
Recursos humanos	4,09	4,00	4,00
Recursos materiais e servizos	4,07	3,41	3,75
Resultados de aprendizaxe	3,58	3,36	3,00

Para comparar o resultado co acadado no curso de referencia, nesta táboa tamén se recollen os resultados dos cursos precedentes para cada criterio. Como se aprecia na táboa a diminución da satisfacción xeral é resultado de que se acadaron peores resultados en todos os criterios, agás no bloque de Recursos Materiais e Servizos, no que se acadou unha puntuación lixeiramente superior á do ano anterior e no de Recursos Humanos no que se mantén a puntuación.

En relación ao **alumnado egresado do MAiE**, a taxa de participación dos titulados no MAiE no curso 2022-2023 foi dun 11%, tamén inferior a que se obtivo no curso 2020-2021, que foi dun 31,25%.

Na seguinte táboa recóllense as valoracións dos distintos bloques realizadas polos estudantes de posgrao do MAiE no curso 2019-2020 e as enquisas no curso 2020-2021. O grao de satisfacción xeral do alumnado egresado co MAiE obtido no curso 2020-2021 foi de 3,66 sobre 5, mellorando o resultado do curso anterior, que foi de 2,60 sobre 5. Para comparar o resultado co acadado neste curso, nesta táboa tamén se inclúen os resultados do curso anterior para cada criterio.

Bloques	2020-21	2022-23
Organización e desenvolvemento	3,29	3,45
Información e transparencia	3,80	4,50
Sistema de garantía de calidade	3,80	4,67
Recursos humanos	3,70	4,25
Recursos materiais e servizos	4,29	4,00
Resultados de aprendizaxe	3,70	3,50
Prácticas externas	3,50	-

Como se aprecia, os resultados obtidos polo MAiE entre o alumnado egresado nesta última enquisa son manifestamente mellores que os acadados anteriormente en todos os apartados no curso anterior, superando os niveis acadados en cursos anteriores.

En relación a participación e o grao de satisfacción do **profesorado do MAiE** nas enquisas oficiais de satisfacción das titulacións realizada pola Universidade de Vigo,

hai que subliñar que tanto a porcentaxe de participación do profesorado do MAiE nestas enquisas (73%), como a puntuación alcanzada é moi elevada (4,74 sobre 5). Na seguinte táboa recóllense as valoracións dos distintos bloques (a enquisa de satisfacción do profesorado realízase en cursos alternos polo que no hai datos do curso pasado).

Bloques	2020-21	2022-23
Organización e desenvolvemento	4,78	4,82
Información e transparencia	4,69	4,81
Sistema de garantía de calidade	4,77	4,79
Recursos humanos	4,32	4,48
Recursos materiais e servizos	4,62	4,73
Resultados de aprendizaxe	4,61	4,63

A información recollida sobre participación e grao de **satisfacción do persoal de administración e servizos** está relacionada con todos os Mestrados ofertados na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo. A participación do persoal de administración e servizos do centro non é moi elevada (15%), aínda que cómpre sinalar que os resultados obtidos no conxunto da Universidade de Vigo non difiren moito destes.

O grao de satisfacción derivado das respostas a estas enquisas realizadas polo persoal de administración e servizos do centro para todos os Mestrados da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é moi elevado. A taxa de participación deste colectivo foi do 10,5% e os resultados obtidos por bloques é o seguinte:

Bloques	2020-21	2022-23
Información xeral	2,44	5
Comunicación	3,38	5
Recursos humanos	2,88	5
Recursos materiais e servizos	3,50	5
Xestión da calidade	3,00	5
Xeral	3,25	5

Como xa se comentou anteriormente, a análise comparada realizada entre estes tres últimos colectivos fíxose en relación ós datos do curso 2020-2021, xa que non se conta con información para o curso 2021-2022.

En relación a participación e o grao de satisfacción dos **empregadores** nas enquisas oficiais de satisfacción das titulacións realizada pola Universidade de Vigo, hai que

subliñar que a porcentaxe de participación nestas enquisas foi dun 40%. A puntuación acadada e moi similar a obtida dos titulados, situándose esta nun 3,83 sobre 5.

Puntos febles

detectados:

Baixa taxa de participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción

Accións de mellora a

implantar:

Deseño de iniciativas enfocadas a mellorar a taxas de participación

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendemento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

III.4.4. Modificacións non substanciais no MAIE

Incluiranse as modificacións non substanciais que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a Titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificación nos Títulos verificados de Grao e Máster” da ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teñan que someter a un proceso de Modificación.

III.4.5. Accións de mellora no MAIE

III.4.5.1.. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores

As accións que non puideron finalizarse serán avaliadas e recollidas no novo documento de plan de melloras proposto para o curso 2022-2023. Ditas accións e o seu estado de seguimento están incluídas de forma detallada na aplicación de xestión documental do SIGC.

PUNTOS DÉBILES DETECTADOS	ACCIÓNS DE MELLORA A IMPLANTAR	OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS A DESENVOLVER	DATA PARA A EXECUCIÓN	LÍMITE A SÚA	NIVEL DE CUMPLIMENTO
Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas y Responsabilidad Social Corporativa (MAiE)						
Criterio 1. Organización e Desenvolvemento						
Consolidar o número de alumnos matriculados	Manter o número de actividades de promoción nos últimos cursos dos Graos e participar nos foros de emprego para incrementar o número de solicitudes de matrícula.	Dar a coñecer o MAiE	Realizadas varias conferencias, patrocinadas polo MAiE, nos últimos cursos dos Graos.	01/06/2023		Completada
	Aumentar o seguimento da lista de agarda nos distintos prazos de preinscrición e matrícula para que todos os que forman parte dela teñan a posibilidade de realizar a matrícula no Master.	Incrementar o número de alumnos matriculados	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento dos alumnos matriculados - Seguimento da lista de agarda - Contacto cos alumnos non matriculados e pendentes de matrícula - Contacto co negociado de alumnos 	Xullo-Setembro de 2023		Completada
Criterio 2. Información e Transparencia						

Mellora páxina web do MAiE	Aumento da información ofrecida a través da web do MAiE	Ofrecer máis e mellor información do MAiE	Incorporación dun apartado con experiencias dos estudantes do MAiE de cursos pasados	14/04/2022 a 31/06/2022	Completada
Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade					
Criterio 4. Recursos Humanos					
Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos					
Criterio 6. Resultados de Aprendizaxe					
Ausencia de Acto de Graduación	Celebración do Acto de Graduación		Elaboración do Programa do Acto de Graduación	14/11/2022	Completado
			Deseño e adquisición das bandas de graduación	12/12/2022	Completado
			Solicitud de Colaboración da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais na celebración do Acto	30/03/2023	En proceso
			Acto de Graduación	07/07/2023	Pendente
Criterio 7. Resultados de Satisfacción e Rendemento					
Baixa taxa de participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción	Deseño de iniciativas enfocadas a mellorar a taxas de participación nas enquisas de satisfacción	Mellorar a participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción		Abril-Maio de 2023	Non acadado
Baixo grao de satisfacción do alumnado do máster	Deseño e posta en marcha de iniciativas enfocadas a mellorar a satisfacción do alumnado	Mellorar o nivel de satisfacción	Elaboración de informe dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado	1-15 de xuño de 2023	Completado

			Análise na CAM dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado	Xullo de 2023	Completado
			Deseño de medidas para a mellora da satisfacción do alumnado do MAiE	Xullo de 2023	Completado
			Posta en Marcha das iniciativas	Setembro - Marzo de 2023	Completado

III.4.5.2. Novas propostas de accións de mellora

Na presente táboa inclúense as novas accións de mellora recollidas no presente Informe de Revisión pola Dirección para o seu desenvolvemento no curso 2022-2023. O detalle das mesmas encóntrase na aplicación de xestión documental do SGC.

PUNTOS DÉBILES DETECTADOS	ACCIONES DE MELLORA A IMPLANTAR	OBJECTIVOS	ACTUACIONES A DESARROLLAR	DATA LÍMITE PARA A SÚA EXECUCIÓN	NIVEL DE CUMPLIMIENTO
Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas y Responsabilidad Social Corporativa (MAiE)					
Criterio 1. Organización e Desenvolvemento					
Criterio 2. Información e Transparencia					
Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade					

Criterio 4. Recursos Humanos					
Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos					
Criterio 6. Resultados de Aprendizaxe					
Non se pode participar no Acto de Graduación do centro	Celebración do Acto de Graduación interno propio do MAiE (informal)		Solicitud de Colaboración da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais na celebración do Acto		Completado
			Creación de Comisión de Estudiantes do MAiE para solicitar a Colaboración da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais na celebración do Acto		Completado
			Adquisición de Bandas de Graduación do MAiE		Completado
Criterio 7. Resultados de Satisfacción e Rendemento					
Baixa taxa de participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción	Deseño de iniciativas enfocadas a mellorar a taxas de participación nas enquisas de satisfacción	Mellorar a participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción			

IV. Accións de mellora na FCEE

IV.1. Estado das melloras propostas nos informes anteriores e novas accións propostas

As accións de mellora e o seu estado de seguimento poden seguirse na aplicación de xestión documental do SGIC.

Resumimos na seguinte táboa un resumo das melloras propostas no curso 2021-2022 para o centro no seu conxunto e para as titulacións de grao (as de másteres están incluídas na súa correspondente sección), así coma da súa situación actual (finais curso 2022-23). Tamén incorporamos as melloras incorporadas no SIGC en base ás novas necesidades detectadas, parte destas melloras derívanse do proceso de renovación da acreditación do grao en Economía, e parte da análise de situación e evolución dos indicadores definidos para o centro e as súas titulacións.

Seguimento das accións de mellora vixentes (centro e titulacións de grao) e novas melloras

Punto débil	Acción de mellora	Titulación	Situación	Comentarios
METAS/OBXECTIVOS Non hai metas para o máster de Economía e o Máster en Técnicas Estatísticas	Completar os obxectivos/metade de calidade do centro incluíndo obxectivos e metas de calidade para estes mestrados, revisar a consecución dos mesmos e implantar melloras se houberse desviacións.	Centro	En preparación	Revisión de metas/obxectivos co procedemento DE-01 P1 (ver mellora proposta en relación ao desenvolvemento deste procedemento)
CONTIDO IRD Debilidade detectada pola Comisión de Certificación do SGC: IRD como compilación de informes de cada título. Necesidade de revisión transversal que permita valorar o funcionamento xeral, realizar comparacións e identificar melloras que poidan ser comúns a varios títulos.	Incluír un epígrafe específico no Informe de Revisión pola Dirección- IRPD do centro no que se faga unha análise transversal no ámbito de centro, salientando os aspectos comúns que abrakan a todas as titulacións e incluíndo, se he preciso accións de mellora globais.	Centro	Completada	No Informe de Revisión pola Dirección (IRD) do curso 2021/22 tense afondado na análise transversal de centro dentro do epígrafe IV (Conclusións xerais do centro), realizando unha visión global das titulacións e detectando necesidades comúns, que se teñen reflexado en propostas de accións de mellora a nivel de centro. Continuarase con esta análise nos seguintes IRDs.
LISTA DE CHEQUEO Debilidade detectada pola Comisión de Certificación do SGC: lista de chequeo xenérica (non todos os ítems se aplican a todas as titulacións)	Mellorar a comprensión da lista de chequeo ligada ao procedemento DE0301 Información Pública e Rendemento de Contas	Centro	En preparación	
PAT Debilidade detectada pola Comisión de Certificación do SGC: informe de avaliación do PAT non inclúe másters e non se realiza unha revisión e mellora sistemática do proceso. Ademais detéctase que o alumnado fai pouco uso do PAT.	Mellorar o Plan de Orientación do Centro, incluíndo información do PAT dos másters e reflexións sobre o seu funcionamento e posibles melloras. Mellorar a comunicación do PAT ao estudantado. Actualizar o PAT.	Centro	Completada	Ademais da incorporación dunha revisión do PAT dos mestrados no informe anual que o centro realiza sobre o Plan de Acción Titorial, que se incorporou xa na análise do curso anterior, e se manterá no actual e posteriores cursos, realizouse un cambio na asignación de titores/as de PAT. A CGIC propuxo e aprobou, reorganizar o PAT de forma que a equipa decanal (vicedecana de calidade e decana) que, de facto, se viña facendo cargo das

				consultas e da atención que requiría o alumnado, figurase formalmente como titoras de PAT. Queda pendente realizar un seguimento do funcionamento desta reorganización, así como a satisfacción do alumnado que fai uso do PAT.
<p>MELLORAS NO TFG A xestión do TFG sigue presentando baixas taxas de rendemento a pesar dos cambios normativos</p>	<p>Estudar cambios no calendario e na normativa que melloren as taxas do TFG. Reforzar a comunicación co alumnado de 3º para que tomen consciencia do que supón o TFG a través do espazo común dese curso.</p>	Centro	En revisión (en proceso de realización)	<p>Tense reforzado a comunicación co alumnado de terceiro curso dos graos. Non obstante, as taxas de rendemento e avaliación mantéñense baixas e non cumpren as metas, o que repercute nas taxas de abandono e graduación. Mantense a acción de mellora e intensificáronse os esforzos de información ate acadar resultados máis acordes coas metas establecidas.</p>
<p>WEB Aceso á web para obter información por debaixo do agardado. Detéctanse carencias na sección de internacionalización, sobre os itinerarios en inglés e necesidade dunha información máis completa sobre o profesorado.</p>	<p>Actualizar documentos na sección de calidade, incluíndo informes de indicadores de resultados dos títulos. Completar información sobre profesorado. Completar e ordenar información sobre as materias impartidas en inglés.</p>	Centro	En revisión (en proceso de realización)	<p>No informe de avaliación para a renovación da acreditación do título, detéctanse puntos débiles que é necesario mellorar, en relación a estes aspectos da web. Actualizáronse os documentos da sección de calidade e progresivamente incorporáronse o resto de melloras.</p>
<p>PARTICIPACIÓN ALUMNADO Hai marxe de mellora na implicación do alumnado nos órganos de goberno e decisión Baixo coñecemento do sistema QSP A participación nas enquisas é susceptible de mellora Dificultades na aprehensión do SGIC Baixa participación en actividades de extensión</p>	<p>Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da súa participación activa a través de coordinadores de curso e grao. Recuperar a figura de delegado/a de aula. Revitalizar a delegación de alumnado. Incentivar a participación do alumnado en actividades extra-académicas da facultade (propostas e xestión). Insistir na labor pedagóxica sobre a</p>	Centro	En preparación	

	<p>utilidade do sistema QSP e as enquisas de avaliación das titulacións e de avaliación docente.</p> <p>Promover a participación nas enquisas.</p> <p>Difundir información sobre actividades de extensión e fomentar participación.</p>			
<p>NECESIDADES DE PERSOAL Envellecemento das plantillas Escaseza de persoal de apoio formado en programas de calidade</p>	<p>Planificar as necesidades de novas incorporacións en coordinación coa vicerreitoría de profesorado.</p> <p>Abordar as necesidades de persoal de apoio formado en temas de calidade en coordinación coa equipa reitoral.</p>	Centro	En preparación	
<p>TAXAS DE ABANDONO E GRADUACIÓN Fluctuación nas taxas de abandono e graduación.</p> <p>A Comisión Avaliadora para a renovación da acreditación da titulación do grao en Economía, tamén detecta esta debilidade e indica que a taxa de graduación ten sido tradicionalmente baixa e o problema persiste e empeora nos últimos anos.</p>	<p>Programar seguimento da taxa de abandono para comprobar se é consecuencia de la pandemia.</p> <p>Analizar as causas da baixa taxa de graduación e identificar medidas no seo da CGIC para contribuír a mellorala.</p>	Centro	En revisión (en proceso de realización)	<p>Non se acada aínda a meta de obter taxas de abandono inferiores ao 20% en ADE, aínda que nesta titulación a taxa de abandono descendeu ate o 22%, cunha progresión favorable. En cambio, este curso académico (22/23) empeorou a taxa de abandono de Economía (24%) que non acada a meta (15%).</p> <p>Esta mellora seguirá en proceso ate a súa consecución. Analizaremos se a situación da taxa de abandono en Economía é puntual ou mantense no tempo.</p>
<p>SOLICITUDE Á ÁREA DE CALIDADE 1 O procedemento PE-02 Xestión do PDI, non se axusta a realidade das accións que institucionalmente se levan a cabo, sobre todo no marco do Programa DOCENTIA Quinquenal.</p>	<p>Solicitar a Área de calidade a actualización do Procedemento PE-02 Xestión do PDI, para que resulte mas útil eficaz.</p>	Centro	Completado	<p>Hai novo procedemento. Pendente de aprobación en GGIC e Permanente/Xunta de Centro.</p>
<p>SOLICITUDE Á ÁREA DE CALIDADE 2 A obtención dos datos para os distintos</p>	<p>Solicitar o área de calidade da universidade xunto coa unidade de análises e programas</p>	Centro	En preparación	

indicadores e evidencias necesarios para o seguimento dos títulos, para o Informe de Revisión pola Dirección ou procesos de acreditación, supón unha tarefa que emprega moito tempo.	a confección de ditas táboas de maneira automática no portal de transparencia, seguindo a estrutura solicitada desde a AGSUG, así como de series históricas de datos.			
SOLICITUDE Á ÁREA DE CALIDADE 3 Mellora do procedemento DO-0102 de Seguimento e Mellora das titulacións (Debilidade detectada pola Comisión de Certificación do SGC).	Solicitar unha actualización (revisión e mellora) do Procedemento DO-0102 de Seguimento e Mellora das Titulacións, para aumentar a eficacia e utilidade do mesmo.	Centro	Completado	Hai novo procedemento. Pendente de aprobación en GGIC e Permanente/Xunta de Centro.
SOLICITUDE Á ÁREA DE CALIDADE 4 A participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción é baixa e obsérvase un descenso continuado.	Solicitar aos responsables de calidade da universidade o establecemento de medidas para aumentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción.	Centro	En preparación	
DE-01 P1 Plan Estratéxico de Centro Está pendente de desenvolver o procedemento DE-01 P1 (Programación e Desenvolvemento Estratéxico), de acordo co Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026).	Crear un grupo de traballo no seo da Comisión de Garantía da Calidade. Desenvolver o documento DE-01 P1. Aprobalo nos órganos pertinentes e publicalo na sección de Calidade da web do centro	Centro	En preparación	
MANUAL DE CALIDADE Está pendente a actualización do Manual de Calidade do centro para adecualo á nova estrutura na que o documento inicial se divide en dous: Manual de Calidade Institucional (aprobado o 22/02/2022) e Manual de Calidade específico para cada centro (índice 07), reorganizando a información e os documentos asociados en aras de acadar melloras na eficacia da xestión.	Adaptar o Manual de Calidade do centro (ao índice 07), Aprobalo nos órganos pertinentes e publicalo na sección de Calidade da web do centro.	Centro	En preparación	
SGC O SGC non está certificado	Acometer as accións necesarias para a certificación do SGC	Centro	En preparación	
TAXAS DE RENDEMENTO E ÉXITO	Solicitar informes aos departamentos sobre	Centro	En preparación	

<p>Taxas de rendemento e éxito baixas nalgunhas materias concretas. A Comisión Avaliadora para a renovación da acreditación da titulación do grao en Economía, tamén detecta esta debilidade, indicando que a taxa de rendemento media seguiu unha tendencia negativa nos últimos tres anos e que se aprecian diferencias moi importantes entre materias, cunha especial mención ao TFG. Recomendán analizar a variabilidade entre materias.</p>	<p>as posibles causas das baixas taxas de éxito e rendemento nalgunhas materias e discutir no seo da CGIC posibles medidas a adoptar para mellorar estes indicadores.</p>			
<p>CAMBIO HORARIOS DOCENCIA Os horarios de docencia actuais dificultan a conciliación entre a vida formativa/laboral de profesorado e alumnado e xeran un elevado gasto enerxético.</p>	<p>Reorganizar horarios de docencia das titulacións de grao para satisfacer necesidades de conciliación para alumnado e profesorado e acadar aforros enerxéticos (melloras na sustentabilidade ambiental do centro).</p>	Centro	Completado	<p>No curso 2022/23 foron aprobados cambios nos horarios de todos os grados da facultade, para cumprir os obxectivos de aforro enerxético e conciliación da vida laboral coa vida persoal e familiar. Estes cambios implantáronse no curso 2023/24.</p>
<p>COORDINACIÓN CURSO E TITULACIÓN Tendo en conta suxestións de docentes e coordinadores de curso/titulación, é necesario desenvolver medidas de mellora na estrutura e funcionamento da coordinación. É necesario tamén analizar posibilidades de mellora na satisfacción do alumnado co desenvolvemento do programa formativo e coas medidas de coordinación.</p>	<p>Modificar cuestionarios de coordinación de curso. Estandarizar, con formatos e contidos comúns, os informes de coordinación de curso e titulación. Incluír ao alumnado nas accións de coordinación por curso e titulación (trimestrais e anuais). Mellorar as accións de coordinación no PCEO ADE-Dereito.</p>	Centro	En preparación	<p>Modificáronse os cuestionarios de coordinación de cada curso, simplificando, aclarando e incorporando algunhas cuestións adicional, suxerida polos docentes e detectada pola coordinación.</p>
<p>DISTINTIVO IGUALDADE O centro desexa mellorar o seu desempeño en materia de igualdade e obter o Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo.</p>	<p>Obter o Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo, posto en marcha no ano 2021 para “visibilizar e recoñecer pública e institucionalmente o esforzo de moitas persoas que día a día, na Universidade de Vigo, loitan por investigar, ensinar, transferir, xestionar e producir coñecemento científico incorporando a mirada de xénero e feminista”</p>	Centro	Completado	<p>Resolución reitoral (08/04/2022)</p>

MODIFICACIÓN MEMORIA ADE A actual memoria en ADE está baseada no RD 1393/2007 e é precisa a súa actualización.	Adaptación da memoria do Grao en ADE ao RD 822/2021.	GADE	Completado	Redactada a nova memoria adaptadas e superados os trámites na Universidade de Vigo. Actualmente en tramitación (ACSUG)
RECURSOS MATERIAIS Detéctanse carencias de dotación nalgúnhas aulas, así como de electrificación para que ao alumnado poida facer uso dos seus ordenadores e tablets durante o horario lectivo.	<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar a dotación de equipos informáticos. - Mellorara a electrificación das aulas. - Habilitar novos espazos para docencia de postgrao. 	Centro	Completado	Completado o proceso de electrificación de aulas e de dotación de equipos informáticos. Son suficientes os espazos para docencia de postgrao.
CRONOGRAMAS É necesario mellorar a información dos cronogramas de curso.	<ul style="list-style-type: none"> - Divulgar os cronogramas de probas de avaliación continua. - Incluir nos cronogramas, non so as probas, se non a entrega de traballos e outras actividades avaliáveis. 	Centro	En revisión (en proceso de realización)	Os cronogramas son publicados na sección común de cada curso na plataforma de teledocencia (MooVi).
PROMOCIÓN DAS TITULACIÓNS DE GRAO / MÁSTER É necesario intensificar a promoción da facultade nos centros de secundaria, tanto para captación de alumnado como para mellorar a imaxe do centro na sociedade. Manter e intensificar medidas para a visualización das titulacóns, captación de estudantes e mellora do perfil de ingreso.	<ul style="list-style-type: none"> - Recibir visitas de IES e explicar as características dos diferentes títulos do centro (grao e máster) 	Centro	Completado	Aténdese a todos os IES que o requiren. Continuarase con esta labor de captación de alumnado e proxección exterior do centro e os seus títulos.
WEB CALIDADE Información e informes sen actualizar	<ul style="list-style-type: none"> - Actualizar a sección de calidade da web do centro 	Centro	Completado	Revisión exhaustiva da sección de calidade, coa actualización dos documentos e rexistros aos últimos aprobados.
COMISIÓN DE GARANTÍA DA CALIDADE Mellorar a composición da CGG	<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar a participación de alumnado, egresados/as e representantes sociais 	Centro	En preparación	
ACCIÓNS DE MELLORA Non hai seguimento detallado. Non se especifica responsable/prazo. Especificar centro / titulación. Abarcar puntos débiles das titulacóns.	<ul style="list-style-type: none"> - Facer un seguimento máis exhaustivo de estado. - Especificar responsable/prazo de cumprimento. - Especificar melloras de centro/titulación. 	Centro	Completado	Procedeuse á revisión, reordenación, clasificación da accións de mellora así como á inclusión de nova información sobre responsables e prazos.

	- Abarcar todos os puntos débiles detectados.			
DATOS INSERCIÓN LABORAL Non existen estudos de inserción laboral sistemáticos	- Solicitar á Universidade estudos sistemáticos de inserción laboral dos titulados.	Centro	En preparación	
MOBILIDADE DO PROFESORADO Escasa participación do profesorado en programas de mobilidade	- Proporcionar información e potenciar, facilitando e incentivando a participación do profesorado en programas de mobilidade. - Fomentar a participación de artigos de impacto entre o profesorado	Centro	En preparación	
INFORMACIÓN DE TITORES DE PRÁCTICAS E EMPREGADORES Non existen datos de satisfacción de titores externos de prácticas extra-curriculares	- Solicitar á Universidade que publique os datos que se recollen nos informes dos titores externos de prácticas extra-curriculares.	Centro	En preparación	
DISTINTIVO EMPREGABILIDADE O centro ten elevadas ratios de empregabilidade que é preciso certificar para mellorar a captación de novo alumnado e a proxección do centro	- Solicitar certificado de Empregabilidade da UVIGO e proporcionar evidencias	Centro	En preparación	
MODIFICACIÓNS NA MEMORIA DA TITULACIÓN DE ECONOMÍA A actual memoria do grao en Economía está baseada no RD 1393/2007 e é precisa a súa actualización.	- Adaptación da memoria do Grao ao RD 822/2021, incorporando os cambios que internamente se consideren necesarios.	Grao en Economía	En preparación	

V. Conclusións xerais do centro

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é o segundo centro con máis alumnado na Universidade de Vigo, con aproximadamente 1.600 alumnos/as. Como temos visto ao longo deste informe, no centro ofértanse sete titulacións: dous graos (Administración e Dirección de Empresas, Economía) e catro titulacións de mestrado (Finanzas, Técnicas Estatísticas, Economía, e Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa), dous deles de carácter interuniversitario. O mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible estivo suspendido no curso 2022/23.

O centro cubre as prazas que ofertan as distintas titulacións, tanto de graos como de mestrados. Nos graos, no curso 2022-23 entraron 330 alumnos/as novos/as nos graos, e aproximadamente 100 nos mestrados, sendo a taxa de ocupación en xeral (salvo dous mestrados) superior ao 100%.

A nota promedio dos expedientes de todas as titulacións é de aproximadamente un 7,47, menor nos graos (7) e maior nas titulacións de mestrado (7,83).

Titulación	Nota media expediente
Graduado en ADE	6,83
PCEO ADE Dereito	7,48
Graduado en Economía	6,69
MAIE e RSC	8,12
Máster en Economía	7,36
Máster en Finanzas	8,18
Máster en Técnicas Estatísticas	7,66
Promedio	7,47
Promedio graos	7,00
Promedio mestrados	7,83

As diferentes taxas son analizadas para cada título na seguinte táboa.

No grao en ADE as taxas de éxito, eficiencia e abandono non acadan as metas previstas, aínda que a taxa de abandono descendeu no último curso e a taxa de éxito está a tan só un punto porcentual da meta. En Economía non acadan os valores meta fixados nos obxectivos as taxas de graduación e abandono.

No caso dos mestrados os resultados son máis dispares, e algúns non teñen fixados valores-meta específicos (que é necesario establecer cando se revisen os obxectivos dentro da Programación Estratéxica de centro).

Taxas de éxito, avaliación, rendemento e eficiencia por titulación

Titulación	Curso/Meta	TAXAS (%)				
		Éxito	Graduación	Eficiencia	Abandono	Rendemento
Grao en ADE*	2021/22	75,00	27,70	78,00	25,15	60,00
	2022/23	74,00	23,93	74,67	22,22	58,00
	META	≥68	≥24	≥77	≤20	≥53
Grao en Economía	2021/22	79,00	42,19	79,00	11,48	62,00
	2022/23	77,00	34,43	83,66	23,73	62,00
	META	≥68	≥48	≥77	≤15	≥58
Máster en Finanzas	2021/22	100,00	82,14	98,00	20,69	87,00
	2022/23	96,00	64,86	98,19	0,00	86,00
	META	95	90	99	≤3	98
Master en Técnicas Estatísticas	2021/22	82,00	50,00	72,10	13,21	43,72
	2022/23	86,00	28,57	96,43	14,29	69,00
	META	80	≥70	>80	<10	≥80
Máster en Economía	2021/22	100,00	35,71	84,00	80,00	56,00
	2022/23	92,00	30,00	96,77	0,00	60,00
	META	61	20	-	-	-
Máster en Administración Integrada de Empresas e RSC	2021/22	100,00	84,00	100,00	18,18	90,00
	2022/23	100,00	90,00	100,00	0,00	90,00
	META	>95	80	≥95	≤8	≥90

*sen pceo

Respecto dos resultados das enquisas de satisfacción, a participación nas titulacións de grao ten caído moito en todas as titulacións, incluídos os mestrados. O cambio da realización presencial a virtual levou a unha caída xeneralizada na participación, agravado polo feito de que o propio alumnado opina que a universidade envía numerosas comunicacións e solicitudes de enquisas, e eles/elas non saben distinguir as mensaxes realmente relevantes das que non o son. Este problema, compartido por todas as titulacións do centro, non é menor, pois impide que se poidan extraer conclusións relevantes para a xestión dos títulos, con base nos resultados proporcionados por estas enquisas de satisfacción.

Sobre a satisfacción que manifesta o alumnado coas titulacións, cabe destacar que en case todas as titulacións esta valoración supera o 3, agás no grao en Economía, no que este ano observamos unha valoración inferior ao aprobado pero que pode estar relacionada co escaso número de respostas ás enquisas e un sesgo derivado de que o alumnado que contestou puido ser o máis descontento coa titulación. Debido

á escasa participación, non podemos considerar estes datos como representativos da opinión do alumnado. Realizaremos esforzos para a mellora da participación e analizaremos se se mantén o valor deste indicador en cursos posteriores.

Respecto da organización e desenvolvemento do ensino, todos os títulos superan o aprobado, destacando a elevada puntuación do Mestrado en Técnicas Estatísticas e do Mestrado en Economía.

Titulación	Curso	ENQUISAS DE SATISFACCIÓN ALUMNADO				
		Participación Titulación (%)	Participación Centro (%)	Participación Universidade (%)	Satisfacción general Titulación (1 a 5)	Planificación e desenvolvemento da ensinanza (1 a 5)
Grao en ADE*	2021/22	8,00	20,00	21,00	3,30	3,52
	2022/23	4,00	7,00	20,00	3,33	3,50
Grao en Economía	2021/22	24,00	20,00	21,00	3,29	3,24
	2022/23	8,00	7,00	20,00	2,98	3,06
Máster en Finanzas	2021/22	22,00	20,00	21,00	4,85	4,86
	2022/23	18,00	7,00	20,00	3,66	3,50
Master en Técnicas Estatísticas	2021/22	-	20,00	21,00	-	-
	2022/23	13,00	7,00	20,00	4,86	5,00
Máster en Economía	2021/22	50,00	20,00	21,00	3,62	3,56
	2022/23	14,00	7,00	20,00	4,65	4,67
Máster en Administración Integrada de Empresas e RSC	2021/22	35,00	20,00	21,00	3,36	3,21
	2022/23	4,00	7,00	20,00	3,25	3,25

*sen pceo

Nos resultados das enquisas de satisfacción a egresados obsérvase de novo unha baixa participación en todos os títulos. A maior porcentaxe de participación é a do alumnado do mestrado en Finanzas, aínda que non supera o 20%. En todo caso, reiteramos que o problema da ausencia de representatividade non nos permite extraer conclusións fiables que poidan orientar decisións de xestión.

Nas enquisas de satisfacción do profesorado (bianuais) a participación é maior, superando incluso a participación media deste colectivo na Universidade no seu conxunto. Os resultados, tanto da valoración das titulacións como da organización e desenvolvemento do ensino, mantéñense en magnitudes similares ás obtidas na anterior enquisa (2020/21), a destacar a gran mellora na satisfacción con estes dous aspectos no alumnado do grao en ADE.

O PAS ten diminuído a súa participación en relación aos mestrados respecto da anterior enquisa (2020/21) aínda que teñen aumentado a súa valoración de todas as titulacións, tanto grao coma mestrado.

Titulación	Curso	ENQUISAS DE SATISFACCIÓN EGRESADOS (1 a 5)				
		Participación Titulación (%)	Participación Centro (%)	Participación Universidade (%)	Satisfacción xeneral Titulación (1 a 5)	Planificación e desenvolvemento da ensinanza (1 a 5)
Grao en ADE*	2021/22	9	12	15	3,33	3,01
	2022/23	11	12	15	3,29	2,78
Grao en Economía	2021/22	20	12	15	3,35	2,89
	2022/23	24	12	15	3,09	2,71
Máster en Finanzas	2021/22	15	12	15	3,61	3,41
	2022/23	4	12	15	5,00	5,00
Master en Técnicas Estatísticas	2021/22	-	-	-	-	-
	2022/23	0	12	15	-	-
Máster en Economía	2021/22	-	-	-	-	-
	2022/23	14	12	15	4,35	4,00
Máster en Administración Integrada de Empresas e RSC	2021/22	-	-	-	-	-
	2022/23	11	12	15	3,84	3,45

Titulación	Curso	ENQUISAS DE SATISFACCIÓN PDI (1 a 5)				
		Participación Titulación (%)	Participación Centro (%)	Participación Universidade (%)	Satisfacción xeneral Titulación (1 a 5)	Planificación e desenvolvemento da ensinanza (1 a 5)
Grao en ADE*	2020/21	56,38	49,82	47,24	3,54	3,33
	2022/23	47,00	41,00	42,00	3,93	3,86
Grao en Economía	2020/21	50,00	49,82	47,24	4,00	3,67
	2022/23	44,00	41,00	42,00	3,95	3,88
Máster en Finanzas	2020/21	50,00	49,82	47,24	4,77	4,93
	2022/23	41,00	41,00	42,00	4,89	4,83
Master en Técnicas Estatísticas	2020/21	71,43	49,82	47,24	4,52	4,78
	2022/23	38,00	41,00	42,00	4,56	4,62
Máster en Economía	2020/21	50,00	49,82	47,24	4,46	4,52
	2022/23	41,00	41,00	42,00	4,27	4,17
Máster en Administración Integrada de Empresas e RSC	2020/21	77,78	49,82	47,24	4,66	4,78
	2022/23	73,00	41,00	42,00	4,74	4,84

Titulación	Curso	ENQUISAS DE SATISFACCIÓN PAS (1 a 5)			
		Participación Titulación (%)	Participación Centro (%)	Participación Universidade (%)	Satisfacción xeneral Titulación (1 a 5)
Graos	2020/21	17,00	16,00	20,00	3,80
	2022/23	15,80	10,50	23,50	3,98
Mestrados	2020/21	15,00	16,00	20,00	3,25
	2022/23	5,30	10,50	23,50	5,00

A continuación, e a modo de conclusión deste informe, realizaremos unha valoración cualitativa global das titulacións de grao e mestrado, por separado debido ao diferente nivel formativo e as características diferenciais da docencia entre os dous niveis.

Valoración transversal das titulacións de grao

Comezando coas titulacións de grado, tanto en ADE como en ECO, téñense completado no curso 2022/23 os rexistros do SGIC e os procedementos do sistema están actualizados (salvo o Manual de Calidade e a Programación e Desenvolvemento Estratéxico). Está pendente tamén a Certificación do Sistema, que é unha meta a medio prazo.

Durante o curso 2022/23 realizouse a modificación da memoria do grao en ADE para a súa adaptación aos requirimentos dos RD 822/2021. Actualmente está en trámite de aprobación.

O grao en Economía foi sometido a un proceso de avaliación por parte da ACSUG para a renovación da acreditación, que foi superado en setembro de 2023. Unha vez superado o proceso de renovación da acreditación, en cursos posteriores procederase tamén a adaptación da memoria desta titulación ao RD 822/2021.

Ambos títulos de grao, ADE e Economía, teñen unha elevada empregabilidade, debido a versatilidade do alumnado graduado. A maior parte dos egresados atopan emprego axeitado á súa especialización nun prazo relativamente breve, e ambas titulacións de grao teñen saídas profesionais moi variadas, adaptándose ás demandas sociais. As empresas receptoras de alumnado en prácticas e as empregadoras amosan unha elevada valoración da formación e aptitude do alumnado do centro.

Na análise de indicadores das titulacións de grao, cabe destacar en positivo no grao en ADE que as taxas de ocupación, preferencia e adecuación superan a meta establecida. É destacable o aumento substancial na taxa de adecuación, o que indica que cada vez máis alumnado prefire esta titulación como primeira opción (esta taxa non cumpría a meta e tiña sufrido descensos continuados en cursos anteriores).

Respecto dos resultados da aprendizaxe, todas as taxas amosan resultados axeitados e conformes ás metas se analizamos a titulación en xeral, agás no caso da taxa de eficiencia (nº créditos que se matriculan/nº de créditos nos que deberían matricularse) e na taxa de abandono, que está algo por riba da meta. Este dato pode

estar relacionado coas taxas de éxito e rendemento nalgunhas materias en particular, incluído o problema do elevado número de matriculados e non presentados no TFG.

En ECO observamos que non se cumpriron as metas para as taxas de ocupación, preferencia e adecuación, aínda que so a taxa de ocupación descendeu a un 90% (meta de 100%), debido a un importante descenso da matrícula, mentres que a taxa de preferencia aumentou respecto do curso pasado (21/22) e, sobre todo, a taxa de adecuación experimentou un ascenso moi elevado (de 61% no curso pasado a 81% no 2022/23), achegándose á meta do 87%.

Respecto dos resultados de aprendizaxe, acádanse as metas nas taxas de rendemento, eficiencia e éxito da titulación, pero observamos un aumento substancial na taxa de abandono (do 12 ao 23%, cunha meta do 15), e un descenso nas taxas de graduación que xa estaban por debaixo da meta en cursos anteriores. Faise necesario analizar as causas e comprobar se se trata dun problema puntual ou dunha tendencia. A taxa de abandono é equivalente á do curso 2020/21, que sufrira un importante descenso no curso anterior.

Obsérvanse oscilacións, á alza e baixa, na satisfacción do alumnado (tanto actual como egresados) de moitas das titulacións, pero consideramos que os resultados poden estar influídos pola ausencia de representatividade debido a moi baixa participación.

En calquera caso, respecto dos valores obtidos tanto nas EAD como nas enquisas de satisfacción coas titulacións, cabe destacar a baixa valoración que obtén o SGIC e o PAT, o que indica que aínda é necesario facer un esforzo adicional de comunicación co alumnado e de incremento da súa participación activa no sistema. En positivo, os recursos humanos e materiais, as prácticas, a información proporcionada polas guías docentes e o seu cumprimento, así como a labor do profesorado parecen estar moi ben valorados polo alumnado.

Obsérvanse en ambos graos problemas para acadar determinadas metas en materias concretas (taxas de éxito e rendemento), especialmente aquelas cun carácter marcadamente cuantitativo, o que consideramos que ten que ver coa formación previa do alumnado que accede dende bacharelatos de ciencias sociais e humanidades.

Obsérvamos que é necesario realizar un maior esforzo na internacionalización, aínda que se están recuperando cifras pre-pandemia, consideramos que se pode

mellorar tanto a saída dos nosos estudantes como a captación de estudantes estranxeiros, así como a mobilidade do noso profesorado. Tense mantido o alumnado internacional entrante en ambos graos, ten aumentado o alumnado saínte no PCEO, manténdose a mobilidade en ADE pero con cifras bastante inferiores para Economía, onde se fai necesario intensificar o esforzo informativo.

Tamén é necesario continuar co esforzo formativo de profesorado e PAS, aínda que en ambos casos, trátase de persoal con moitos anos de experiencia, que ten participado xa nos programas de formación ofertados pola universidade. Respecto do persoal, sería necesario planificar a renovación de plantillas así como a contratación de persoal de apoio formado en materia de calidade.

Como temos incidido ao longo deste informe, as baixas taxas de avaliación e rendemento dos TFG afectan ás taxas xerais de graduación e na duración media dos estudos das titulacións de grao. Aínda que é problema común a todas as titulacións da Universidade, dende a dirección do centro continuaremos insistindo na información proporcionada ao alumnado de terceiro e cuarto curso para que realicen unha matrícula realista no último curso.

Valoración transversal das titulacións de mestrado

As catro titulacións de mestrado do centro (MXDS está suspendido) contan xa cunha suficiente traxectoria de implantación, sendo o máis recente o Mestrado en Economía, implantado no curso 2018/19.

En xeral, e coa prudencia necesaria debido á escasa participación do alumnado nas enquisas deseñadas pola Universidade, a satisfacción do alumnado coas titulacións de mestrado é elevada, superando en todos os casos o 3, e destacando a valoración dos mestrados interuniversitarios en Estatística e Economía (ambos por riba de 4,5).

Todos os mestrados teñen completado os rexistros requiridos no SIGC así como os informes de coordinación requiridos dende a Comisión de Calidade do centro, en tempo e forma.

O alumnado das titulacións de máster procede, en xeral, de titulacións de grao do ámbito xurídico-social, excepto o Máster en Técnicas Estatísticas (alumnado maioritariamente do grao en Matemáticas). É de destacar o incremento que se ten producido na captación de alumnado internacional nos títulos de máster, especialmente froito de convenios con países de América Latina.

Todas as titulacións de mestrado contan con sitio web propio, ao marxe da sección de mestrados na web da facultade (sección DOCENCIA), que conta cun vínculo específico a estas páxinas web propias. Non obstante, todos os mestrados empregan a plataforma MooVi como ferramenta fundamental de apoio á docencia así como as aulas virtuais do Campus Remoto para a docencia online, sexa presencial, síncrona ou asíncrona (algún mestrado tamén emprega TEAMS).

Excepto no caso do master en Finanzas que conta con un número importante de docentes que son profesionais en activo alleos á Universidade (aínda que coa coordinación de docentes da Universidade de Vigo), a maior parte dos docentes dos outros mestrados, salvo colaboracións puntuais, teñen unha plantilla docente configurada por docentes da Universidade de Vigo (e das outras universidades galegas no caso dos mestrados interuniversitarios).

Todos os mestrados fan uso dos recursos materiais e servizos do centro, así como do persoal de administración e servizos, e declaran que os medios proporcionados son axeitados para o desenvolvemento da súa docencia.

A captación de alumnado dos mestrados, en xeral, ten pivotado dende os recién graduados aos profesionais en activo en practicamente todos os casos. Isto ten como vantaxe a maior motivación do alumnado, e o enriquecemento da formación aportando diversas e variadas experiencias laborais, pero ten como contrapartida, unha maior dificultade para a asistencia ás clases presenciais, coa necesidade de habilitar adaptacións horarias para clases e exames, gravación das clases para o seu seguimento de forma asíncrona, e unha maior taxa de abandono en xeral, vencellado fundamentalmente as dificultades para abordar nos prazos establecidos a presentación dos traballos de fin de máster.

Todos os mestrados contan con mecanismos propios de coordinación, que permiten detectar e solucionar problemas vencellados con solapamentos de contidos e/ou desigual distribución da carga docente para o alumnado ao longo do período lectivo. Estes mecanismos son especialmente necesarios nos mestrados interuniversitarios, nos que conviven regulacións e calendarios diferentes por parte das universidades do SUG e fan necesaria a coordinación interuniversitaria, que parece ser un aspecto moi mellorable tanto no MTE como no mestrado en Economía.

Tamén é importante a reflexión dende o mestrado en Economía da necesidade dunha concepción unificada dos mestrados interuniversitarios, que permita artellar calendarios comúns, regulamentacións similares e incluso ferramentas (como a plataforma de teledocencia) comúns. Finalmente, as políticas de asignación de

profesorado nos mestrados interuniversitarios tamén varían entre universidades e impiden que os órganos de xestión do mestrado poidan traballar en pro do mantemento e mellora da calidade do seu título (o que pode explicar o descenso da satisfacción do alumnado nalgúns ítems). É de destacar que faltan obxectivos/metras de calidade para os mestrados interuniversitarios do centro.

Algúns mestrados permiten a interesante posibilidade de realizar TFM prácticos, vencellados a prácticas en empresas ou en colaboración con empresas e aplicados á realidade empresarial, o cal parece ser unha excelente ferramenta para mellorar as taxas de avaliación, éxito e rendemento dos TFM. Tamén é interesante de cara a acadar melloras no funcionamento e nas taxas de avaliación, rendemento e éxito dos TFM, a coordinación e planificación da información que se transmite ao estudantado sobre o proceso de titorización, elaboración e presentación/avaliación do TFM, tal e como se demostrou no MAIE. Os problemas vencellados ao abandono e á non presentación do TFM tamén inflúen nalgúns das taxas vencelladas aos resultados de aprendizaxe (abandono e graduación), de maneira similar ao que acontece nos graos.

En todos os mestrados as prácticas en empresas e institucións, tanto curriculares como extra-curriculares, son unha parte moi relevante da súa formación, e ademais con moi boa valoración por parte do alumnado (>4 en xeral). Hai algún caso, como o mestrado en Finanzas na que a valoración das prácticas ten diminuído, debido probablemente a un problema de expectativas erróneas respecto das mesmas, ao confundir prácticas con contrato laboral, como ten indicado o seu coordinador.

En xeral, o SGC é mellor valorado polo alumnado dos mestrados que polo alumnado dos graos, aínda que con valoracións inferiores ao resto dos ítems en practicamente todas as titulacións. É necesario seguir realizando a labor de informar e de implicar ao alumnado nos procesos de calidade.

Tamén é destacable que practicamente todos os mestrados realizan enquisas propias de valoración da súa actividade docente e satisfacción do seu alumnado. Nalgúns casos, como nos mestrados interuniversitarios, porque as valoracións parciais non permiten ter unha valoración global da titulación, nin que o alumnado valore a actividade docente que recibe fora da súa universidade de orixe.

É tamén un comentario común entre os coordinadores dos mestrados, o esforzo e adicación que require a coordinación deste tipo de títulos, tanto de planificación, como de control, seguimento e atención a profesorado e alumnado, que consideran que non está suficientemente recoñecido, nin teñen o apoio técnico necesario.

Valoración de aspectos comúns das titulacións

O centro non ten dificultades en canto ao perfil do profesorado, que é maioritariamente estable e con ampla experiencia docente, nin respecto a medios materiais e servizos, que se foron adaptando á evolución da docencia (electrificación de aulas, redes wifi, aulas informatizadas, etc.), que son ben valorados por parte dos diferentes colectivos e titulacións.

As canles de comunicación co alumnado teñen mudado nos últimos anos e semella que a páxina web da facultade axuda a presentar organizadamente información xeral para o alumnado e para os diferentes grupos de interese. Non obstante, a plataforma de teledocencia MooVi xoga un papel crecente, non so como apoio á docencia das diferentes materias, senón a través dos espazos comúns para as titulacións e os diferentes cursos. Ademais da web e de MooVi a secretaria virtual (SEIX) e o CAMPUS REMOTO son outras das ferramentas moi útiles para a xestión administrativa e desenvolvemento da docencia. Finalmente, as redes sociais teñen tamén un elevado potencial como ferramenta de comunicación, que no noso caso, está aínda por explotar.

Todas as titulacións e grupos de interese están representados na Comisión de Garantía Interna da Calidade, que se configura como un foro moi útil para expresar diferentes opinións e valoracións sobre a planificación e funcionamento da docencia, así como suxestións e propostas de mellora. O SGIC actual abarca a todas as titulacións do centro, contando cun espazo común para subir os documentos requiridos pola Axenda de Calidade, e centralizando no Vicedecanato de Calidade a elaboración de Informes de Coordinación conxuntos de carácter anual e do informe de revisión de centro pola Dirección, así como da planificación e supervisión das labores de coordinación.

É destacable o esforzo que se ten realizado nos últimos anos, para mellorar os sistemas de coordinación de titulación, curso e materia e que consideramos que, aínda sendo mellorables, están comezando a ser percibidos polo alumnado. Tamén se teñen mellorado os recursos materiais e se ten intensificado o esforzo de información e transparencia, principalmente a través das áreas comúns de curso e titulación da plataforma de teledocencia.

En todos os casos, e de cara á certificación da implantación do Sistema de Garantía da Calidade a medio prazo, tense realizado un esforzo de revisión máis regular, pormenorizada e sistematizada das accións de mellora propostas, realizadas e pendentes de realización das titulacións do centro, que é preciso continuar nos vindeiros cursos académicos.